

CURSO

23-24

MEMORIA

CEIP  PLURILINGÜE ALBORADA



LIMIAR

O noso centro caracterízase por ter unha grande diversidade, debido as características socioeconómicas e culturais da zona de influencia. O numero de alumnado vai diminuindo debido a confluencia de 4 centros escolares nunha zona cunha natalidade nestes intres baixa. Este curso tivemos 346 alumnos e alumnas

O noso obxectivo é dar resposta a diversidade a través de medidas que consigan unha educación de calidade, inclusiva e que garante a igualdade de oportunidades. De aí que, para compensar as desigualdades consideramos importante traballar coas familias e as institucións sociais externas ao centro, como son Servizos Sociais, a través dos Centros Cívicos, tamén cos proxectos levados a cabo e as becas NEAE do MEC, etc.

Asimesmo consideramos que o cambio metodolóxico que estamos levando a cabo favorece a aprendizaxe de todas e todos dentro do grupo e respectando a individualidade.

Vamos vendo pequenos logros:

- Mellora do rendemento escolar, a través do cambio metodolóxico que busca unha atención mais individualizada seguindo as directrices DUA e buscando unha aprendizaxe significativa
- Mellora da convivencia, tamén a través dos Contrato Programa e da realización de actividades de cohesión grupal e metodoloxía cooperativa fomentando de igual xeito a Titoría entre iguais.
- Mellora dos espazos para acadar o obxectivo de ser un centro educativo amable e acolledor e con identidade propia.
- O noso centro segue en proceso de cambio . Contamos co esforzo e o traballo do profesorado, adicando, ás veces, máis horas das lectivas para seguir a traxectoria que nos levará ao fin educativo que a nosa comunidade busca .

- O noso compromiso pola educación implica que todo o alumnado do noso centro poida ser protagonista do seu futuro e para iso non nos cansaremos de traballar con ánimo e excelencia, co fin de ver o noso desexo cumprido creando situacións de aprendizaxe que busquen formar de maneira competencial ao noso alumnado
- Avanzamos no obxectivo que tiñamos que o traballo siga unha metodoloxía significativa onde o elemento vinculante non sexan os libros de texto se non as situacións de aprendizaxe potenciadas polo profesorado para buscar a motivación e interese do alumnado.

1.-O NOSO CENTRO CONSTA ESTE CURSO DAS SEGUINTE UNIDADES:

Educ. Infantil: 4 unidades
Educ. Primaria: 13 unidades
Pedagogía Terapéutica: 3 unidades
Audición e Lingüaxe: 1 unidades e 1/2
Departamento Orientación: 1 unidade
Especialistas de inglés 2
Especialista de música 1
Especialista de EF 2

2.-SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS

O edificio do colexio está formado por unha planta principal, unha planta baixa e dous andares. O recinto exterior ten un patio dividido en dúas pistas de usos múltiples e tres pequenas zonas axardinadas. Segue pendente por parte do Concello arranxar a instalación eléctrica.

3.-SITUACIÓN DO EQUIPAMENTO e NIVEL DE UTILIZACIÓN

Seguimos a renovar e repoñer mobiliario e equipamento

- Material de reprografía: 100%
- Medios audiovisuais: 100%
- Informática: 40%
- Laboratorio: 40%
- Instalacións deportivas: 100%
- Biblioteca: 100%
- Aula de música: 100%
- Comedor (catering): 100% (organizado pola A.N.P.A.)
- Paneis Dixitais 100%

CEIP Alborada

4.-PROFESORADO

-E.I.	5
-E.P.	13
-P.T.	3
-A.L.	1 +1 compartida
-F.I.	2
-F.F.	1
E.M	1
-E.F.	2

-

Relixión:
<ul style="list-style-type: none"> • Católica: 1 compartida con CEIP Valle Inclan de Oleiros
<ul style="list-style-type: none"> • Evanxélica: 1 en media xornada
-Orientador: 1

ALUMNADO

Noso colexio hai escolarizados 346 alumno/as. Algúns deles con características moi diversas: de distintas etnias, inmigrantes, alumnado con necesidade específico de apoio educativo.

2º Ciclo de Educación Infantil

▪ 4º Educación infantil Grupo A:	▪ 20
▪ 5º Educación infantil Grupo A:	▪ 16
▪ 6º Educación infantil Grupo A:	▪ 19
▪ 6º Educación infantil Grupo B:	▪ 20

Educación Primaria:

1ºA 20	1ºB 19	2ºA 17	2ºB 17	
3ºA 22	3ºB 24	4ºA 21	4ºB 21	
5ºA 25	5ºB 25	6ºA 19	6ºB 21	6ºC. 20

5.-VALORACIÓN DO CURSO DA EQUIPA DIRECTIVA

O curso desenvolveuse de maneira óptima . O proxecto de cambio metodolóxico avanza de maneira positiva e coa participación do 99% do profesorado .Estamos inmersos nun cambio que leva consigo unha mellora na aprendizaxe do alumnado proporcionando diversas situacións nas que os nenos e nenas poidan acadar un perfil competencial de saída acorde a súa capacidade .

O claustro realiza un traballo extraordinario que se ve reflexado na calidade das actividades e continuará coa formación para que a implantación sexa aínda máis exitosa.

Este curso comenzo o traballo por Ámbitos de Aprendizaxe levándose a cabo un día a semana mesturando o alumnado nos ciclos e fomentando o traballo cooperativo -grupal -tutorias entre iguais.

Os distintos ámbitos levados a cabo foron :

- Matemático
- Stem
- Ciencias
- Letras-Radio
- Artístico-Plurilingüe

O vindeiro curso continuaremos con dito cambio con distintas melloras

- Concreción de contidos do currículo a traballar de maneira exclusiva nos ámbitos de maneira vertical
- Aplicación avaliativa

6.-OBXECTIVOS CUMPRIDOS

ÁMBITOS AVALIADOS	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS
PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer o nivel de adecuación das infraestructuras, a suficiencia e a funcionalidade do equipamento e a súa incidencia no proceso de ensino-aprendizaxe. - Coñecer e valorar a dotación de recursos e analizar a súa relevancia no proceso de E/A. - Coñecer ao alumnado e a diversidade das necesidades educativas. - Valorar horarios, espazos e organización de recursos - Coñecer e valorar a contextualización dos obxectivos á realidade do contorno e do alumnado, a funcionalidade das programacións, a coherencia do proxecto educativo, o grao de educación en valores, o uso da metodoloxía e a coherencia dos criterios de avaliación. - Coñecer e valorar o plan de atención á diversidade e o plan de acción tutorial, desde a funcionalidade e suficiencia. - Coñecer e valorar o nivel de suficiencia que acada o alumnado nos obxectivos e competencias básicas, analizando as causas e consecuencias, para plantear alternativas de mellora

<p>A ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENT O</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Coñecer os documentos de xestión do Centro (PE, PXA, MEMORIA ANUAL, PROGRAMACIÓNS CURRICULARES entre outros para valorar a súa coherencia e funcionalidade. - Coñecer a eficacia da xestión económica e as respostas ás necesidades existentes - Coñecer e valorar a situación de convivencia existente no Centro e a funcionalidade do NOFC
<p>AS RELACIÓNS CO CONTORNO</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Valorar as posibilidades educativas do contorno e o aproveitamento que fai o Centro das mesmas - Valorar o nivel de relación e colaboración establecida coa ANPA e con outras institucións - Valorar o plan de actividades extraescolares e complementarias, en canto ao nivel de suficiencia, participación, satisfacción e coherencia coas intencións educativas
<p>OS PROCESOS DE AVALIACIÓN FORMACIÓN E INNOVACIÓN</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Describir e valorar o propio plan de avaliación e os plans de formación e innovación do Centro

A.-NIVEL DE CENTRO

Levou se a cabo o desenvolvemento dos obxectivos de sensibilizar os nenos/as cara o aproveitamento dos recursos existentes, de fomentar hábitos, actitudes, valores, destrezas e coñecemento de respecto e colaboración de cara ao medio que os rodea.

Ao principio do curso organizáronse as saídas de tal xeito que os titores escolleron as visitas máis adecuadas que conectasen co entorno.

Seguindo o programa de fomento da educación física, todo o alumnado do centro realizou camiñatas polo entorno e aproveitamos as saídas que o permitían para ir camiñando pola cidade.

Este ano recuperamos moitas das actividades colaborativas coas familias e outros organismos :

1. Celebramos os "Xogos do Magosto"
2. Celebración do Entroido co desfile pola contorna
3. Celebramos Samaín e Halloween en outubro.
4. Talleres de cociña en Educación Infantil e Primaria
5. Continuamos cos "Contos a carón da lareira " en E.Infantil e 1ºCiclo
6. Talleres con familias en 1ºciclo e 2º ciclo
7. Clubs Lectura alumando 3º ciclo e Club de lectura Familias-Profesorado
8. Tivemos contacontos na Biblioteca con profesionais e nas aulas con alumnado voluntario .
9. Continuamos coa recuperación dos xogos tradicionais para a súa práctica no período de lecer.
10. Realización anual do simulacro de evacuación no Centro.
11. Séguese a facer o reciclado nas aulas e mantemento da Compostadora
12. Campaña de Ed. Ambiental con diversas actividades coordinadas polo departamento de Medio Ambiente do Concello de A Coruña e por CEIDA
13. Iniciamos obradoiros de experiencias en colaboración cos pais/nais .
14. Celebrouse o mes da Ciencia

CEIP Alborada

15. Festival de Inverno cos asistencia das familias
16. Celebramos o Día de Rosalía
17. Participamos no PLAMBE de Bibliotecas Escolares
18. Continuamos a nosa participación en Biblioteca Creativa e Radio Escolar
19. Iniciamos o Programa Lectura e Familias
20. Xincanas literarias para a celebración do Día do Libro .
21. Participamos en Voz Natura co proxecto: "Coidamos flora e fauna do noso entorno"
22. Traballamos no horto ecolóxico do noso Centro.
23. Traballo por ámbitos de aprendizaxe un día a semana
24. Celebramos as Letras Galegas con xincanas,murais e actuacións de títeres e grupo musical e xogos tradicionais onde participou todo o alumnado do Centro .
25. Xornada de portas abertas para as familias do alumnado de 3 anos para o curso 2023-24.
26. Colaboramos dentro do programa de Voluntariado co Centro de Día de Afaco ,Centro de Día da Milagrosa e Centro de día de DOMUS VI
27. Realizaronse Xornadas de Convivencia para todos os niveis en Granxas Escola ou Albergues ao aire libre
28. Festival de fin de Curso para E.I e Festival Fin de Etapa no CC dos Mallos e para E.Primaria no centro Ágora
29. Publicación do Xornal
30. Leváronse a cabo todas as conmemoración incluídas no calendario escolar

A-1 PROXECTO LECTOR E ACTIVIDADES DA BIBLIOTECA ESCOLAR

Como nos últimos anos, a biblioteca segue desenvolvendo actividades específicas que teñen como fin brindar actividades e ferramentas que axuden, tanto ao profesorado como ao alumnado, na adquisición de competencias no proceso ensino- aprendizaxe.

Considerámola un recurso fundamental no desenvolvemento do Proxecto Lector e participamos no PLAMBE coa finalidade de obter os recursos necesarios que axuden na nosa tarefa.

Desenvolveuse o Programa de lectura silenciosa, proposta no Plan Lector do Centro, a valoración feita do mesmo é a seguinte:

- Mellora da comprensión lectora en xeral.
- Mellora da dinámica do préstamo entre a biblioteca de centro e de aula.
- O incremento dos préstamos temporais ás bibliotecas de aula, leva a unha maior implicación do profesorado no coñecemento dos fondos da biblioteca de centro.
- O alumando implícanse no coidado e conservación dos libros.
- Maior comunicación entre o alumando na recomendación dos libros lidos.
- O alumnado en xeral mostra mais seguridade nos procedementos de busca de información e de elección de libros.

A-2 MEMORIA DA RADIO ESCOLAR (detallada na aplicación correspondente)

Este curso seguimos a traballar na Radio Escolar con excelentes resultados xa que constitue un espazo moi motivador para o alumado e favorece a mellora en competencia lingüística.

Organización dos Podcast dentro dos nosos programas da radio.

Programas escolares

- A voz do alborada: espazo para as novas do noso cole.
- Entrevístame: programa no que facemos as diferentes entrevistas.
- Nós contamos: un caixón desastre no que o noso alumnado pode contarnos todos aqueles traballos que fan nas súas clases.
- Vós contades: un espazo no que deixamos sitio a que aquelas persoas que veñen ao cole, xa sexan familias ou outras persoas nos poidan ensinar moitas cousiñas.

- Festexamos: un dos programas preferidos dos cativos e cativas no cal contamos as diversas festas que celebramos no colexio.

Actividades relacionadas coa PDI

Entrevistas a persoas relacionadas e pilulas informativas

.Visitas de persoeiros e persoeiras.

Aproveitando o nacemento de Radio Sito, polos noso estudo pasaron diferentes persoeiros e persoeiras, como escritoras e científicas,

Celebración das diferentes conmemoracións.

A radio escolar serviunas para celebrar todos aqueles días marcados no calendario, así fixéronse podcast polo Samaín, o día de Rosalía, o día do libro, o día das Letras Galegas, etc...

A radio como defensora da nosa lingua.

Un dos obxectivos cos que naceu Radio Sito, foi o de ser un lugar onde os nosos cativos e cativas se expresaran en galego, intentando que nela se sentisen cómodos utilizando a súa lingua, sen medo a errar e que cada vez sexan máis os alumnos e alumnas que a utilicen no seu día a día.

AVALIACIÓN DO PROXECTO "RADIO NA BIBLIO".

A avaliación por parte do claustro é moi positiva. A radio converteuse nun instrumento pedagóxico máis a disposición de todo o profesorado. Un lugar onde os nosos nenos e nenas se sintan cada vez máis cómodos e motivados, querendo participar dos proxectos que dende a radio creamos. Un lugar onde todos e todas teñen cabida, independentemente das súas capacidades e posibilidades.

Consideramos a radio como un importante instrumento de mellora en ámbitos como a expresión oral, expresión escrita, perdida de medo a expresar as nosas ideas, mellora no pensamento crítico, mellora nos coñecementos TICS, etc...

A-3 MEMORIA POLOS CREATIVOS:

Ao longo do presente ano leváronse a cabo diversas actividades coas ferramentas proporcionadas polos Polos Creativos.

- Creación de coxíns para o recanto lector dereito da terceira planta e creación de zonas de lectura nas aulas de 6º.
- Iniciación á elaboración de cartelería co plotter de corte.
- Creación de taboleiros de xogo e rutas para true-true e Mbot en contexto asociado ás saídas de fomento da Actividade Física.
- Elaboración de vehículos impulsados por resorte
- Construción de mecanismos vencellados a cancións e contos populares.
- Creación dunha curta que recibiu dous premios no concurso de curtas Cinema na Escola.
- Elaboración de máquinas de Rube Goldberg.
- Aprendizaxe do uso das diversas ferramentas e precaucións no seu manexo.
- Iniciación á manipulación de imaxes.
- Iniciación á animación.
- Creación de disfraces.

Leváronse así mesmo a cabo diversas actividades de formación tanto especificamente dirixidas á coordinadora como a través do PFPP que se leva a cabo no centro.

A coordinadora, Dña Iria Martín López, tomou parte na xuntanza levada a cabo en Santiago.

A-4 DINAMIZACIÓN DAS TIC'S

A páxina web é un espazo de comunicación entre os distintos membros da comunidade educativa (alumnado, familias e profesorado) que facilita unha canle para coñecer o centro en si, e sobre todo o traballo que nel se leva a cabo. Todas as aulas contan Paneis Interactivos Dixitais

Ao longo do curso potenciouse o uso dos medios informáticos para que todos os alumnos/as tiveran unha sesión semanal para a súa participación na aula de Informática do Centro. Todas as

CEIP Alborada

plantas do edificio teñen cobertura WiFi, mellorada co cableado feito este curso pola Consellería

Importante indicar a mellora en Competencia Dixital grazas ao traballo en ámbitos Stem e ao Acompañamento dixital.

A-5 DOCUMENTOS OFICIAIS

Cubrimos electrónicamente a través dos módulos correspondentes incorporados ao sistema informático XADE todos os documentos oficiais

Para analizar o desenvolvemento das sesións de avaliación de E.I. e as de E.P.os titores recollen distintos aspectos como:

- Cualificacións nas distintas áreas (figuran na acta de avaliación do XADE)
- Asuntos tratados.
- Acordos adoptados, tanto referidos á valoración das aprendizaxes das nenas e dos nenos e da práctica docente.
- Ás propostas de mellora.
- A organización da aula, o seu clima escolar e a interacción entre o alumnado, así como a relación entre o profesorado e o alumnado.
- A coordinación entre os profesionais dun mesmo nivel e a coherencia entre eles.
- A regularidade e calidade de relación cos pais, nais e titores legais e a participación destes no proceso de aprendizaxe das súas fillas e dos seus fillos.
- A adecuación da proposta pedagóxica e da propia planificación.
- A adecuación da proposta metodolóxica na contribución á adquisición das competencias claves.
- Programacións na aplicación PROENS con seguimento trimestral e final

A-6 CONVIVENCIA NO CENTRO

- Participouse nos Contratos-Programa seguindo a actuacións de "Mellora da Convivencia e Promoción da Igualdade nos Centros"(Programas IGUALA-T , CONVIVE. E INCLÚE-T):
- Seguimos a mellorar os espazos interiores para facelos amables e acolledores e con respecto aos exteriores procuramos que sexan un reflexo dos nosos valores a través do arte dase dos artistas da nosa comunidade.
- Formación do Equipo de Mediadores
- Inicio do funcionamento de Patios Dinámicos
- Consello de Delegados con periodicidade quincenal

MEMORIA DE BENESTAR

Consecución dos obxectivos

Os obxectivos do Plan de Traballo deste curso 2023-24, incluídos no Plan da Coordinadora de Benestar e Convivencia (CBC en diante) e na Programación Xeral Anual do centro, según determina a Orde de 23 de agosto de 2023 no seu artigo 4, foron acadados nunha alta porcentaxe. Conseguiuse favorablemente o obxectivo principal de dar a coñecer a figura da CBC entre a comunidade educativa dada a súa implantación oficial no presente curso escolar (non obstante, a persoa que exerce a CBC neste centro xa figuraba desde o curso pasado).

A continuación amósanse detalladas as accións programadas e a súa consecución:

Accións	Indicadores
Explicar nun claustro a figura de CBC e os plans do centro para fomentar o benestar.	Acadado
Establecer horarios de coordinación da coordinadora de benestar co equipo directivo e orientación	niciado
Establecer horarios de coordinación da coordinadora de	Non realizado

benestar, equipo directivo e orientación coas Técnicas de Servizos Sociais	
Dar a coñecer a figura da coordinadora de benestar entre a comunidade educativa mediante actuacións diversas	Acadado
Revisar e actualizar o Plan de Convivencia do centro	Acadado
Introducir e publicitar, na páxina web, os protocolos da Consellería ante calquera forma de violencia.	Acadado
Realización de formación específica para a coordinadora de Benestar: Congreso Benestar, cursiños,	Acadado
Participación do profesorado nun PFPP sobre emocións	Acadado
Participación do alumnado de 5º e 6º no Plan Director da policía sobre acoso e ciberacoso, drogodependencia e afectivo-sexual.	Acadado
Campañas contra o Acoso Escolar e a Violencia de Xénero	Acadado
Celebración do día da discapacidade	Acadado
Obradoiros de Igualdade	Acadado
Formación en mediación escolar do alumnado de 5º de EP	Acadado
Continuar con Patios Dinámicos	Acadado
Pictografiar as principais dependencias do centro	Non realizado
Participación programa froita FOGA	Non realizado
Participación no programa Fomento da Actividade Física	Acadado

Actividades realizadas

Detalle das actividades ou accións programadas no Plan de Traballo da CBC:

No primeiro trimestre do curso, ademais de concretar e dar publicidade á figura da CBC, realizáronse as seguintes actividades:

- Revisar e actualizar o Plan de Convivencia do centro en coordinación co Equipo Directivo.
- Publicitar na aula virtual do centro os documentos e protocolos que se relacionan co benestar.
- Actividade de concienciación a través dun cartaz para o centro e pin para o profesorado no 25 de novembro: "Stop á violencia contra as mulleres".
- Celebración do Día da Discapacidade (3 de decembro) a través de actividades e murais xunto co grupo Inclúe-T.
- Realización de actividades para celebrar o Día do Corazón (29 de setembro), xa que o corazón foi o eixe da PDI deste curso: cartaz con actividades para coidar o corazón para o profesorado, información sobre educación consciente para o alumnado e pegatinas e pins para celebrar ese día.
- Concienciación do profesorado sobre Saúde Mental nos centros educativos a través de documento informativo (10 de outubro Día da Saúde Mental).
- Pin de empoderamento do profesorado na celebración do Samaín.
- Actividade de cohesión do profesorado mediante aneis de corazón no Nadal.
- Documento informativo e resumo do Plan Integral Contra o Acoso e Ciberacoso Escolar.

No segundo trimestre de curso foron estas as actuacións:

- Elaboración do Plan de Traballo da Coordinadora de Benestar e Convivencia e a súa concreción anual.
- Obradoiros de Igualdade organizados pola coordinadora de Iguála-T para o alumnado de Educación Primaria.
- Continuación de Patios Dinámicos, actividade iniciada o curso pasado e que estivo coordinada polo orientador do centro co apoio do profesorado de Educación Física.
- Obradoiro sobre Acoso Escolar para o alumnado de 6º de Educación Primaria impartido por psicóloga do concello de A Coruña: "Iso xa non é unha broma".
- Realización por parte do alumnado de Pedagogía Terapéutica dun mural sobre a Paz.
- Establecemento do Punto Laranxa xunto co orientador do centro: creación de tríptico informativo para a comunidade educativa, explicación deste recurso nas aulas de 5º e

6º de Educación Primaria e intervención do grupo ACAE en dous casos de posible acoso escolar.

Por último, as actividades realizadas no terceiro trimestre:

- Cartel con frases da rapazada relativas aos seus superpoderes e realización do símbolo de infinito nas aulas para celebrar o Día do Autismo (3 de abril).
- Intervención do grupo ACAE nun novo caso de posible acoso escolar.
- Formación e concienciación en Mediación Escolar: actividades de formación dun grupo de alumnado de 5º de Educación Primaria para exercer de mediadores e mediadoras escolares na hora do recreo; tríptico para o profesorado e realización de materiais.
- Obradoiro de Emocións impartido por psicóloga para o alumnado de 4º e 5º de Educación Primaria.
- Participación nun estudo da Fundación Educo sobre benestar nos centros educativos por parte do profesorado do PFPP do centro.
- Charla da Policía Nacional (Plan Director) sobre drogas e acoso para o alumnado de 6º de Educación Primaria.

Por outra parte, realizáronse actuacións propias da CBC ao longo do curso mediante a intervención ou asesoramento a alumnado, profesorado ou familias sobre aspectos relacionados co benestar.

Un grupo numeroso de profesorado participou nun PFPP da Consellería de Educación sobre emocións e resolución de conflitos ao longo deste curso.

Fomentouse a actividade física do alumnado a través da participación no Programa de Fomento da Actividade Física dirixido polo profesorado de Educación Física.

A CBC participou xunto coa directora do centro e os delegados e delegadas de 5º e 6º en xuntanzas quincenais de información e resolución de cuestións diversas para favorecer o benestar do alumnado deste ciclo.

Por último, a CBC participou na seguinte formación da Consellería de Educación sobre benestar e convivencia nos centros educativos:

- A atención ao benestar emocional da comunidade educativa (16-10-23)
- Congreso para coordinadores e coordinadoras de Benestar e Convivencia (18-10-23)

- Xornadas de Atención á Diversidade (27-02-24)

Propostas de mellora para o vindeiro curso

Dado que neste curso foi a implantación da figura de CBC e o desenvolvemento dalgunha das súas funcións o que determinou o traballo a seguir, espérase no vindeiro curso afianzar esta figura e as súas actuacións ante a comunidade educativa.

Neste curso, a única sesión semanal da CBC para exercer as súas funcións resultou insuficiente, dado o volume de traballo. Para o próximo curso, ademais da proposta dunha sesión máis, sería convinte adicar un tempo á coordinación co equipo directivo e o orientador e informar deste horario á comunidade educativa.

A introdución do Punto Laranxa neste curso acarreeu pequenos contratemplos por non ter ben comprendida e adquirida a súa execución. Esperamos contar con maior formación e información sobre a súa posta en práctica para o curso 2024-25.

A figura da CBC é fundamental nos centros educativos, pero é preciso formación, recursos e tempo escolar suficiente para a realización óptima do seu traballo.

Montserrat Barros Grela

Coordinadora de Benestar e Convivencia

A-7 -DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

MEMORIA AUDICIÓN E LIGUAXE

Mestras:

Emiliana Russi Cabalar

CEIP Alborada

Teresa Fuciños Castr

Xustificación

Para a elaboración desta memoria temos en conta a ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na LOMLOE.

Atendendo a este marco legal, a memoria de Audición e Linguaxe debe conter os apartados que pasamos a desenvolver a continuación:

a) Alumnado que recibiu apoio de Audición e Linguaxe.

Durante o curso 2023-2024 foron atendidos polas mestras especialistas en Audición e Linguaxe un total de 7 alumnos e alumnas da etapa de Educación Infantil e 15 de Educación Primaria, presentando na súa maioría necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe ou condicións persoais e de historia escolar, que precisaban unha intervención específica.

ETAPA	CURSO	ALUMNADO 1ª AVALIACIÓN	ALUMNADO 2ª AVALIACIÓN	ALUMNADO 3ª AVALIACIÓN
Infantil	5º	1	2	2
Infantil	6º	4	5	5
Primaria	1º	7	7	7
Primaria	2º	3	3	3
Primaria	3º	4	3	3
Primaria	5º	1	1	0
Primaria	6º	1	1	1

Resaltar que deuse de baixa no Departamento de Orientación a un neno de 3º curso de Educación Primaria a principios do segundo trimestre, xa que cumpriu os obxectivos propostos no programa de intervención no primeiro trimestre.

b) Valoración da coordinación co profesorado.

Durante o curso escolar levouse a cabo unha coordinación semanal entre as mestras de PT, AL e o orientador do centro para valorar as actuacións de intervención co alumnado, así como para revisar programas e plans do propio Departamento de Orientación. Algúns dos alumnos/as atendidos por estas mestras eran compartidos por PT e AL, polo que estas coordinacións eran precisas á hora de programar as intervencións. Pódense valorar ditas coordinacións como positivas.

Por outra parte as xuntanzas de avaliación do centro serviron para analizar, valorar e modificar, de ser o caso, as intervencións educativas tendo en conta a evolución deste alumnado.

c) Valoración da repercusión das medidas de apoio no alumnado.

Durante este curso priorizouse a atención do alumnado con necesidades educativas especiais (NEE en diante), o cal repercutiu na atención do alumnado NEAE, xa que o número de sesións que recibiron foron insuficientes para dar unha atención correcta as súas necesidades e outros moitos encóntranse en lista de espera para ser atendidos. O escaso número de profesorado de AL no centro xustifica dita situación. Con respecto á programación de intervención de AL co alumnado NEE, todos os obxectivos foron iniciados e desenvolto, pero o seu avance foi lento. En relación ao alumnado NEAE, en xeral, acadáronse os obxectivos propostos e amosándose unha mellora no seu desenvolvemento curricular.

De calquera forma, a metodoloxía co alumnado foi adaptada a cada un deles en cada unha das sesións, atendendo as súas dificultades e fortalezas e empregando unha aprendizaxe que partiu dos intereses e do nivel de cada un dos discentes.

d) Previsións para o curso seguinte e propostas de mellora, de ser o caso.

A avaliación é un elemento imprescindible para a mellora do proceso educativo e os seus elementos, polo que dende o Departamento de Orientación levouse a cabo unha reflexión crítica sobre o desenvolvemento das actuacións realizadas e así poder definir previsións e propostas de mellora para o vindeiro curso. En consecuencia, cara a planificación do traballo do vindeiro curso 2024-2025, deberase ter en conta o seguinte:

- 1.** Tendo en conta o elevado número de alumnado NEE e as dificultades da linguaxe, será preciso máis apoio de AL para o vindeiro curso. Tamén sería convinte aumentar o número de sesións semanais dalgúns destes alumnos con respecto ao curso actual. O centro educativo conta cun significativo número de alumnado con NEE e con NEAE polo que sería preciso que aumentasen os recursos humanos de AL.
- 2.** Aumentar o número de xuntanzas coas familias, incluso, realizar sesións conxuntas alumnado NEAE-familias-especialista de AL, no caso de que a familia sexa colaboradora para establecer pautas comúns de actuación.
- 3.** Establecer un marco de actuación común co alumnado NEE e a coidadora, para que non existan diferentes pautas de actuación.
- 4.** Crear unha cultura colaborativa no centro que facilite a intervención do especialista de AL coalumnado NEE na aula ordinaria de forma coordinada cos titores.
- 5.** Para desenvolver o anterior obxectivo propónse atopar momentos de coordinación efectiva entre titor e especialistas de AL.
- 6.** Formación do profesorado en metodoloxías inclusivas (DUA) para facilitar a atención á diversidade na aula ordinaria.
- 7.** Continuar coa elaboración e adquisición de materiais específicos necesarios para a atención do alumnado NEAE.
- 8.** Insistencia na necesidade de profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe a tempo completo e/ou definitivos que favorezan o seguimento do alumnado xunto coa figura do orientador/a.

CEIP Alborada

9. Continuar coa coordinación cos servizos externos que atende ó alumnado con neae fóra do horario lectivo, iniciando aquela relativa á novas intervencións ou matrículas.
10. Fomentar a accesibilidade cognitiva do alumnado do centro, como por exemplo, incluíndo apoios visuais (pictogramas) nas distintas dependencias do centro educativo.(ARASAAC e Asociación Galega de Autismo) e incluíndo tamén a C.AA. (Comunicación Aumentativa y/o Alternativa).

MEMORIA PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

MONTSERRAT BARROS GRELA

SABELA RAMOS CAMPOS

ARACELI FRANCO PENA (SUBSTITUTA: CAROLINA DOBARRO FRAGA)

1. Xustificación

A presente Memoria ten como finalidade valorar as actuacións levadas a cabo polas mestras de Pedagogía Terapéutica (PT en diante) durante o curso escolar 2023-24.

Dita Memoria segue os puntos establecidos no artigo 57.6 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro de 2011 polo que se regula a atención á diversidade.

2. Número de alumnado atendido polas mestras de PT

ETAPA	CURS O	ALUMNADO 1ªAVALIACIÓN	ALUMNADO 2ªAVALIACIÓN	ALUMNADO 3ªAVALIACIÓN
Infantil	4º	0	0	0
Infantil	5º	2	2	2
Infantil	6º	4	4	4
Primaria	1º	4	7	7
Primaria	2º	5	5	5
Primaria	3º	4	4	4

Primaria	4º	2	1	1
Primaria	5º	2	2	2
Primaria	6º	6	6	6

O número total de alumnado atendido durante o curso polas mestras de PT foi de trinta e un. Cada un do alumnado atendido polas mestras de PT dispón do Informe Psicopedagóxico correspondente que xustifica esta medida extraordinaria. Do total deste alumnado, 13 deles tiveron Adaptación Curricular durante este curso.

3. Valoración da coordinación co profesorado

Durante o curso escolar levouse a cabo unha coordinación semanal entre as mestras de PT e Audición e Linguaxe (AL en diante) e o orientador do centro para valorar as actuacións de intervención co alumnado, así como para revisar programas e plans do propio Departamento de Orientación. Algúns dos alumnos/as atendidos por estas mestras eran compartidos por PT e AL, polo que estas coordinacións eran precisas á hora de programar as intervencións. Pódense valorar ditas coordinacións como positivas.

A coordinación do profesorado titor/a e do profesorado das materias correspondentes coas mestras de PT foi realizada periodicamente. Tamén realizáronse xuntanzas a principio de curso entre este profesorado para establecer as actuacións co alumnado a intervir.

Por outra parte as xuntanzas de avaliación do centro serviron para analizar, valorar e modificar, de ser o caso, as intervencións educativas tendo en conta a evolución deste alumnado.

4. Valoración da repercusión das medidas de apoio no alumnado

En xeral, o número de sesións que recibiron estes alumnos/as ao longo do curso foron insuficientes para dar unha atención correcta as súas necesidades. O escaso número de profesorado de PT no centro xustifica dita situación.

Con respecto á programación de intervención de PT con cada un deste alumnado, todos os obxectivos foron iniciados e desenvolvidos; se ben, tendo en conta a casuística do mesmo, o avance foi, na súa maioría, lento. Hai que destacar que o alumnado que recibe o apoio

satisfeito, valorado e motivado por ter esta intervención individualizada, xa que percibe a súa evolución escolar.

No apoio de PT intentouse axustar as intervencións ás programacións dos cursos aos que pertence o alumnado, tendo en conta a inclusión como fundamento desa intervención. Non obstante, foi preciso unha actuación moi individualizada con algún destes alumnos sobre todo para reforzar as aprendizaxes da lectoescritura, o cálculo ou o razoamento lóxico de xeito eficaz, así como para a adquisición de rutinas da aula e autonomía.

Atendendo ao desenvolvemento emocional do alumnado as sesións contaron cunha parte adicada a este aspecto. Noutros casos, ademais, houbo que adicar un espazo temporal ao aspecto condutual con aprendizaxes de técnicas de atención e autocontrol.

De calquera forma, a metodoloxía co alumnado foi adaptada a cada un deles en cada unha das sesións, atendendo as súas dificultades e fortalezas e empregando unha aprendizaxe que partiu dos intereses e do nivel de cada un dos discentes.

5. Previsións para o curso seguinte e propostas de mellora

Debido a falta de recursos persoais, houbo alumnado con necesidades que quedaron recibir o apoio correspondente a súa casuística. Tamén sería convinte aumentar o número de sesións semanais dalgún deste alumnado con respecto ao curso actual. O centro educativo conta cun significativo número de alumnado con NEE e con NEAE polo que sería preciso que aumentasen os recursos humanos de PT.

Proponse a mellora na distribución dos apoios e na coordinación co profesorado do alumnado atendido por PT, así como aumentar o número de xuntanzas coas familias.

Nas aulas de PT habería que seguir aumentando a dotación de recursos materiais precisos e actualizados para atender optimamente as necesidades deste alumnado.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN- MEMORIA CURSO 2023-24

INTRODUCCIÓN

No curso 2023/24 a xefatura do departamento estivo a cargo do seu titular , sendo o sétimo ano que este a exerce, e, sendo asimesmo esta praza adxudicada mediante concurso de traslados específico.

A orientación debe entenderse como un proceso de mellora e dinamización da calidade educativa, polo que a participación e implicación de todo o profesorado no proceso de orientación é fundamental e necesario para o seu desenvolvemento.

O Departamento foi creado hai 27 anos no CEIP Alborada polo que é a consecución dun traballo acumulativo, colaborativo e constructivo feito polos profesionais que formaron parte do departamento durante estes anos.

➤ AVALIACIÓN FINAL DO PLAN DE ORIENTACIÓN E CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS ESTABLECIDOS NO MESMO

Os obxectivos xerais propostos ao inicio de curso, foron:

- Garantir a educación integral do/a alumno/a mediante a personalización do proceso educativo.
- Promover a adaptación dos procesos de ensino-aprendizaxe e a transición entre niveis educativos.
- Apoiar á función titorial no desenvolvemento dos obxectivos propostos nos procesos de ensino-aprendizaxe e da orientación educativa.
- Desenvolver de maneira directa, polo profesorado especialista en pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, o proceso de ensino-aprendizaxe dos/as alumnos/as que presentan necesidades específicas ou/e Adaptacións Curriculares Significativas.

Parte destes obxectivos foron acadados dun xeito satisfactorio, a implicación do profesorado e do equipo directivo do centro educativo son fundamentais para facilitar a súa consecución.

O número de alumnado atendido polas especialistas de PT e AL no presente curso escolar foi de 53 alumnos. As solicitudes de avaliación e atención recibidas viñeron por parte de profesorado, familias e servizos de saúde ou sociais, fundamentalmente. Algunhas destas demandas foron satisfeitas con Orientacións a pais e mestras/es, pautas para: o desenvolvemento da fala, a autonomía, o control e modificación de conduta, mellora da autoestima, Habilidades sociais, para alumnado con TDAH, TEA,... Outras desas demandas derivaron en Avaliacións psicopedagóxicas e posteriores Informes psicopedagóxicos(27) e ditames de escolarización(5) Dende o D.O., a través das mestras de A.L., tamén foron avaliadas outras dificultades máis concretas, relacionadas co desenvolvemento do ámbito comunicativo lingüístico e máis en concreto articulación fonemática.

Asimesmo, desenvolvéronse 11 adaptacións curriculares: 1 alumno de 1º en escolarización combinada, 1 alumno de 2º, tres alumnos de 3º de EP, 2 alumnos de 5º e catro alumnos de 6º. As 11 foron aprobadas pola Inspección Educativa.

Cabe destacar tamén, 4 solicitudes de intervención do Equipo de orientación específico: para un alumno con discapacidade motórica, outra para valorar altas capacidades doutro; unha para o especialista en trastornos de conduta, e ao alumno en combinado para solicitar unha tablet para comunicarse.

Como todos os anos, foron tramitadas a comezo do curso as Axudas do MEC para alumnado con Necesidade Específica de Apoio Educativo.

➤ **ACTUACIÓNS QUE SE LEVARON A CABO**

A primeira das tarefas realizada foi a constitución do Departamento de Orientación, que ao longo do curso reuniuse en 8 ocasións para tratar os diversos puntos tal e como consta nas actas correspondentes.

As actividades realizadas dende o Departamento de Orientación durante o curso académico 2023-2024 estiveron englobadas en dous ámbitos de actuación (apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe e apoio ao PAT) e dirixidas a 4 factores básicos: centro, alumnas/os, mestras/es e familias.

- **Ámbito de apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe e atención á diversidade:**

- Actividades realizadas en colaboración co Departamento de Orientación e co profesorado:
 - Colaboración co profesorado na atención á diversidade, elaborando propostas para facilitar os procesos de ensino-aprendizaxe.

- Colaboración na programación e organización das actividades de reforzo educativo e adaptacións curriculares, participando no seu seguimento.
 - Facilitar ao profesorado técnicas e instrumentos relativos a hábitos de traballo do alumnado.
 - Reunións conxuntas (titor/a-orientador) coa familia do alumnado. Tamén se fixeron reunións de coordinación das especialistas PT e AL co profesorado titor.
 - Asesoramento e apoio ao profesorado na elaboración de adaptacións curriculares significativas.
 - Asesoramento en medidas e programas para a modificación da conduta de varios alumnos/as.
 - Participación nas sesións de avaliación e reunións do equipo docente coa finalidade de recoller información dos/as alumnos/as e facer un seguimento do seu proceso de aprendizaxe.
 - Realización das avaliacións psicopedagóxicas demandadas, ao longo de todo o curso, quedando algunha valoración pendente para o próximo curso.
 - Desenvolvemento de formación coa coordinación do PFPP "Educación emocional na resolución de conflitos"
- Actividades dirixidas ao alumnado:
 - Prevención, detección e tratamento das dificultades de aprendizaxe.
 - Derivación e xestión de admisión de alumnos/as para recibir apoio nos Centros Cívicos do Concello nos que lles corresponde por zona. Neste sentido a destacar a xestión para derivar aos obradoiros de lingua a aqueles alumnos que precisaban, coa colaboración dos titores. Tamén se fixeron derivacións de alumnado migrante para a escola intercultural do concello.
 - Entrevistas individuais cos alumnos, sempre que estes a solicitaron.
 - Actividades dirixidas ás familias:
 - Entrevistas informativas sobre os resultados da avaliación psicopedagóxica e propostas curriculares.
 - Busca de estratexias para a implicación das familias nas actividades de reforzo e apoio á aprendizaxe dos seus fillos/as.
 - Entrevistas individuais con todas as familias que o demandaron.
 - Dada a importancia que ten a educación familiar e a implicación da familia na educación dos seus fillos e fillas, con algunhas familias levei a cabo un seguimento ao longo do curso, dándolles unhas pautas educativas claras e sinxelas de actuación que puidesen levar a cabo no ambiente familiar.

Medidas de apoio. Unha vez detectadas as necesidades máis destacables a través da avaliación inicial e completadas, na maioría dos casos, cunha avaliación psicopedagóxica, establecéronse unha serie de medidas de apoio ordinarias e extraordinarias.

As medidas levadas a cabo foron as seguintes:

- Durante todo o curso algún destes/as alumnos/as recibiron o apoio dentro e/ou fóra da aula, por parte das mestras de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe, con certas diferenzas en cada trimestre polas necesidades que ían aparecendo.

-Ámbito de apoio á Acción Titorial.

- Actividades dirixidas aos titores/as e mestres/as de área:
 - Atención a consultas de diverso tipo, formuladas polo profesorado, prestando o asesoramento necesario e facilitando orientacións e estratexias cando as ocasións o demandaban.
 - Participación nas xuntas de avaliación.
 - Intervencións do orientador ante certas demandas dos titores/as ou pais e nais, canalizando as demandas a outras instancias do centro ou a outras institucións, coa finalidade de buscar posibles solucións.
- Actividades dirixidas aos alumnos/as:
 - Entrevistas individuais.
 - Atención individualizada e asesoramento para todos aqueles/as alumnos/as que o demandaron.
 - Seguimento dos alumnos/as e organización dos apoios.
 - Coordinación e transvase de información dos seguimentos do alumnado que por distintas razóns participan nos Centros Cívicos.
 - Coordinación e transvase de información do alumnado que no próximo curso pasará á E.S.O. (coordinación coa orientadora do IES de Elviña)
- Actividades dirixidas ás familias:
 - Entrevistas individuais e recollida de información aportada pola familia: tanto oral como de informes realizados por outros especialistas.
 - Atención a un importante número de familias, individualmente, cando o solicitaron a través das titoras ou directamente, para orientalas en asuntos relacionados coa convivencia, prevención e intervención en problemas de conduta, organización do traballo escolar e extraescolar dos fillos/as, entre outros.

Outras actividades:

- Asistencia e participación nos claustros.
- Asistencia e participación na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Actualización, selección e merca de material para o D.O. despois de valorar as carencias e necesidades manifestadas polo profesorado.
- Colaboración co equipo directivo nas actividades que me demandasen.
- Reunións cos membros do Departamento de Orientación.
- Reunións periódicas de Orientador e especialistas (PT e AL) co obxectivo de intercambiar opinións e facer seguimento da evolución do alumnado que está a recibir apoio.
- Reunións formais e informais, entrevistas ... cos titores/as co obxectivo de intercambiar impresións a cerca do seu alumnado e o seu proceso de ensino-aprendizaxe.
- Coordinación das actuacións levadas a cabo polo centro educativo e Servizos Sociais con respecto ao seguimento das/os alumnas/os que poden considerarse absentistas e tratamento doutras casuísticas.
- Cumprimentación de datos demandados pola Consellería de Educación.
- Elaboración de orientacións de tratamento educativo no ámbito escolar para a diversidade de alumnado do centro, solicitadas polos titores/as.
- Colaboración cos servizos externos: Equipo de Orientación Específico de A Coruña, Servizos Sociais do concello de A Coruña, Servizos de Saúde (Unidade de Saúde Mental, Atención Temperá e Logopedia...), Asociacións: ASPERGA, ATELGA, ASPANAES, DOWN...
- Seguimento do redactado o curso anterior do Plan Xeral de Atención á Diversidade, para adaptalo á Orde de 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229 de 2011 de Atención á Diversidade.

➤ DIFICULTADES

- Destaca a continuidade de casos de **retrasos de linguaxe e falta de autonomía**, nos primeiros niveis de educación infantil.
- **O absentismo escolar e a falta de implicación das familias** En moitos casos, e especialmente pola asistencia irregular a clase de moitos alumnos, veuse dificultada a continuidade do apoio e atención, coa consecuente falta de evolución no desenvolvemento e adquisición das aprendizaxes. Estas situacións de historia escolar desaxustada derivan nunha situación de falta de integración do alumno na aula e o conseguinte fracaso escolar. Esta asistencia irregular dificultou e imposibilitou ademais a toma de medidas como a adaptación curricular e a pertinente avaliación psicopedagóxica.
- Problemáticas de saúde mental no alumnado como ansiedade, dificultades condutuais e emocionais en xeral independentemente do nivel académico.

CEIP Alborada

➤ **CONCLUSIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA**

- En canto aos recursos materiais, este ano coma outros, mercouse material tanto de avaliación como de intervención, destacando a compra de material manipulable e de estimulación temperá para alumnado NEAE de Infantil.

Aspectos de mellora:

- a) Procurar un maior achegamento das familias. Haberá que insistir máis no establecemento dunha comunicación continua e fluída entre as familias e os mestres, tanto os titores como os/as especialistas.
- b) Sempre resultan necesarios máis recursos humanos pola cantidade de alumnado con dificultade de todo tipo na autonomía para seguir a actividade escolar.

A-8-DEPARTAMENTO DE EDLG

Composición

O EDLG estivo -formado polas seguintes persoas:

D. Manuel Casal Garrido – **coordinador**. Equipo docente 2º, que levou acabo as xuntanzas coa regularidade acordada ao comezo de curso.

Dª. Paula Fernández Mosquera – equipo docente infantil.

Dª. Mª Dolores Ruíz Abelenda – equipo docente 2º ciclo.

D. Joaquín Arias Moldes- equipo docente de lingua inglesa e 3º ciclo.

Dª. Mª del Carmen Iglesias Iglesias – equipo docente 3º ciclo.

Obxectivos

Os obxectivos plantexados ao comezo do curso foron os seguintes:

- **Na administración educativa**

OBXECTIVO 1 Empregar a lingua galega como vehículo de expresión e comunicación, tanto nas relacións de carácter interno como externo.

OBXECTIVO 2. Colaborar cos Servizos Sociais, Menores e as garderías da zona a través de trípticos anuais elaborados pola Comisión de imaxe do Centro.

- **Na xestión académica e pedagóxica**

OBXECTIVO 1: Potenciar todos os proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e intentar mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

OBXECTIVO 2: Elaborar un plan específico de normalización efectiva da lingua no noso ámbito, que se propoñerá á Comisión de Coordinación Pedagóxica. Revisar o PLC.

OBXECTIVO 3: Fomentar o emprego do galego en todas as actividades complementarias e extraescolares.

OBXECTIVO 4: Potenciar as TIC en galego.

OBXECTIVO 5: Estimular nas novas xeracións actitudes favorables cara ao uso do galego, superando presións globalizadoras e eliminando prexuízos detectados . Deseñar e levar a cabo unha campaña de sensibilización cara ao uso do galego.

OBXECTIVO 6: Colaborar na elaboración do xornal escolar do centro.

OBXECTIVO 7: Propoñer que, á hora de facer reforzo educativo ao alumnado se contemple a posibilidade de que este reforzo sexa tamén no referido á lingua galega, como materia básica, amais do castelán ou as matemáticas.

OBXECTIVO 8: Potenciar a recuperación e participación en xogos tradicionais que están a perderse por mor das novas tecnoloxías.

- **Na interacción didáctica**

OBXECTIVO 1: Fomentar a lecto-escrita en galego, dotando periódicamente á biblioteca de material en galego.

OBXECTIVO 2: Crear un ambiente axeitado para que os alumnos se lancen a falar en galego.

OBXECTIVO 3: Crear actividades lingüísticas atractivas para que o alumnado disfrute practicando o noso idioma.

- **No contexto sociofamiliar**

OBXECTIVO 1: Motivar e concienciar á comunidade educativa, para vencer os prexuízos cara ao galego e crear actitudes favorables cara á galeguización.

OBXECTIVO 2: Fomentar o galego nas actividades complementarias e extraescolares.

OBXECTIVO 3: Celebrar as festas e costumes tradicionais galegos ou de carácter multicultural :
Magosto, Sanmaín, Entroido, romarías, os Maios, Letras Galegas, etc.

OBXECTIVO 4: Coñecer o patrimonio cultural e xeográfico da nosa cidade

Consecución dos obxectivos

Os obxectivos xerais non están conseguidos na súa totalidade, xa que é difícil conseguir que o galego sexa a lingua vehicular cando a Administración coa súa normativa permite a consulta as familias sobre a lingua a utilizar nas aprendizaxes do alumnado. Esta medida discrimina ao galego porque a lingua elixida pola maioría é o castelá.

En canto os obxectivos específicos, foron conseguidos moitos deles, no segundo ano proxecto da radio na escola, a nosa Radio Sito, seguiu a ser unha importante ferramenta de defensa da nosa lingua, e que utilizamos para fomentar o uso do galego entre o noso alumnado. Tamén a posta en marcha do traballo por Ámbitos no colexio, axudou a que no ámbito de letras-radio, se levase a cabo un traballo que tamén serviu para que os nenos e nenas utilizasen o galego para traballar e comunicarse.

Resumo das actividades realizadas

Celebramos as festas tradicionais en colaboración cos Equipos de Extraescolares e o da Biblioteca.

Volvemos a organizar a celebración do Magosto, continuando coa organización dos xogos populares.

Para celebrar o Samaín decoramos o colexio con elementos feitos polos nenos e nenas nas súas casas con material de refugallo e en colaboración coas súas familias. Tamén se levaron a cabo lecturas e dramatizacións de contos de medo en galegos na biblioteca por parte do alumnado de primaria.

Para conmemorar o Día de Rosalía, fixéronse recitados tanto nas aulas, como no ámbito de letras-radio e tamén nos micros de Radio Sito, onde tamén se fixo unha entrevista a nosa propia "Rosalía".

Outra das festas populares celebradas foi a do Antroido, que este curso tivo como temática o corazón, tema central da nosa PDI.

Para celebrar a semana da prensa, os nenos e nenas de todo o colexio tiveron durante toda a semana a súa disposición exemplares do diario Nós, único xornal escrito integramente na nosa lingua.

Este ano polo día das Letras Galegas, seguimos a celebralo durante todo o mes de maio, polo que levaronse a cabo moitas actividades culturais. Tivemos a presenza de varias escritoras galegas, como Leticia Barbadillo, Erica Esmoris e Sabela Fernández Trelles. Tamén tivemos a sorte de poder contar co grupo A Gramola Gominola, que nos agasallou cun concertazo para todo o colexio. Ademais elaboramos diferentes traballos relacionados coa escritora homenaxeada, Luisa Villalta, tanto dende as titorías como no Ámbito de letras-radio. Unha

representación do alumnado de sexto participou invitado pola UDC nunha xornada superemotiva na que se leron diferentes textos sobre Luisa. Colaboramos co instituto de Elviña e fixemos varias xornadas nas que se recitaron poemas da poetisa coruñesa.

Seguimos co noso xornal, "A voz do Alborada", onde cada curso seguiu a aportar o seu graniño de area cunha nova ou unha actividade destacada que levou a cabo neste curso académico.

Para dinamizar as nosas actividades, seguimos a utilizar o Instagram do cole, pois a experiencia do ano anterior foi positiva e as actividades cremos que teñen máis repercusión e máis visitas por parte das familias e da comunidade educativa.

Seguimos co proxecto da Radio escolar, do cal nos seguimos a sentir moi orgullosos, no cal participaron un gran número do noso alumnado, creando podcast en galego para contar todo o que ocorreu no colexio. Ademais pasaron polos micros de Radio Sito, moitos persoeiros e persoeiras como as escritoras Leticia Barbadillo e Sabela Fernández Trelles, a nosa directora, un cardiólogo, técnicos de laboratorio, etc que dalgunha maneira nos ensinaron cousas moi curiosas e os cales tivemos a sorte de entrevistar. Un proxecto o da nosa Radio Sito que chegou ao noso cole para quedarse para sempre.

Ámbito de letras-radio: este ano como novidade, no centro comezamos co traballo por ámbitos e particularmente no ámbito de letras-radio fixemos un montón de actividades nas cales potenciamos o uso do galego e aproveitamos para traballar algunhas conmemoracións como as Letras galegas, traballar o xornal, etc.

➤ **PROPOSTAS DE MELLORA**

O equipo de normalización lingüística propón as seguintes medidas co fin de mellorar a capacidade de superación no proceso de fomento de uso do galego:

- Promover nas titorías unha maior cantidade de actividades escritas e faladas en galego para fomentar máis se cabe o seu uso.
- Impulsar o uso e fomento do galego dende a biblioteca: contos, relatos, poemas...
- Seguir a coordinar as diferentes actividades lúdicas do curso escolar (magosto, nadal, prensa, letras galegas) entre os coordinadores de actividades extraescolares, biblioteca e dinamización para un mellor entendemento no desenrolo das diferentes actividades.
- Seguir a darlle o noso alumnado a posibilidade de coñecer o noso patrimonio cultural máis cercano, achegándoos o seu contorno máis próximo.

A-9-DEPARTAMENTO DE EXTRAESCOLARES

De seguido faise referencia a unha serie de actividades complementarias e extraescolares que xurdiron a partir das propostas realizadas polos distintos membros deste equipo, así como polos titores, polo claustro e pola C.C.P.

Membros do equipo

PROFESORADO	CICLO OU ESPECIALIDADE
D ^a Rocio Taba Novo	Mestra Educación Infantil (4 ^o EI)
D ^a M ^a Carmen Méndez Fernández	Mestra Educación Infantil (6 ^o EI A)
D ^a María José Suárez Barral	Mestra Primaria (2 ^o EP A)
D ^a Cristina Pena Vicente	Mestra Primaria (º EP B)
D ^a María Teresa García Regueira	Mestra Primaria (4 ^o EP B)
D ^a Ana Belén Fuentes Velo	Mestra Primaria (6 ^o EP C)
D ^a Magdalena Casal Crego	Mestra Primaria (Música)
Coordinadora: Cristina Pena Vicente	

Saídas realizadas

Durante este curso realizáronse moitas actividades complementarias que cremos que complementaron as aprendizaxes mais formais, desenvolvendo valores relacionados coa socialización, participación, e a cooperación encamiñadas a formación plenas dos alumnos. Aínda que a valoración das mesmas quedará recollido nas memorias específicas dos niveis, a continuación faremos un recollido das actividades propostas polo EACE

CEIP Alborada

INFANTIL			
	4ºEI	5ºEI	6ºEI
1º trimestre	Rutas pola contorna (10/10)	Rutas pola contorna (10/10) M.Belas artes(10/11)	Rutas pola contorna (9/10) Contacontos no cole(26/10) Contacontos. A gallina Gallineta(13/12)
2º trimestre	Obradoiro de cociña (29/01)	Obradoiro de cociña (29/01)	Obradoiro de cociña (29/01)
3º trimestre	Biblioteca G.Garcés (4/04) Parruliños na rúa(12/04) Contacontos letras galegas(3/05) S.Margarita (10/05) Belas artes(29/05)	MºPita (2/04) Teatro(4/04) Parruliños na rúa(12/04) M.ambiente (2/05) Contacontos letras galegas(3/05) M San Pedro (7/05)	Taller de bechos (3/04) Teatro(4/04) Bombeiros (5/04) Parruliños na rúa(12/04) Un museo ao aire libre (22/04) M.ambiente (2/05) Contacontos letras M San Pedro (7/05)galegas(3/05) Títeres(27/05)
Final de curso	Parque de Eirís(7/06)	Parque de Eirís(7/06)	Belelle (14/06)

CEIP Alborada

1º CICLO		
	1º EP	2º EP
1º trimestre	Rutas pola contorna (20/10). Contacontos no cole(26/10) Teatro Forum (27/10) M.Belas artes(9/11) Roteiros (17/11) Acopros (13/12)	Rutas pola contorna (19/10) Roteiros (16/11)
2º trimestre	Gadis 1ºA(16/01) Gadis 1ºB(23/01) Obradoiro igualdade(31/01) Obradoiro cociña (6/02) B.Castrillón (7/02) D.Igualdade (21/02) Aquarium (8/03)	Voluntariado residencia Concepción Arenal(17/01) Obradoiro cociña (6/02) Castro de Elviña(19/02) B.Castrillón (20/02) D.Igualdade (28/02) Taller igualdade (6/03)
3º trimestre	Kardíns M Núñez(16/04) Contacontos letras galegas(3/05) Adaceco(10/05) E.Policia Nacional(23/05) Títeres(27/05) Bonilla (4/06) Carrefour (5/6) Vexo,veo xacobeo (17/06) no cole	Autora O ladrón de soños.Sabela (16/04) Ágora(24/04) Contacontos letras galegas(3/05) Adaceco(10/05) D.Augas de Galicia(22/05) E.Policia Nacional(23/05) Gramola gominola(24/05) Obradoiro(27/05) Vexo,veo xacobeo (17/06) no cole
Final de curso	Pinteño(11/06)	Casa do Queixo(20/06)

CEIP Alborada

2º CICLO		
	3º EP	4º EP
1º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> - Rutas pola contorna (5/10). - Ágora (Mago) (18/10). - Contacontos. Irene no Sahara(21/11) 	<p style="text-align: center;">Rutas pola contorna (6/10).</p> <ul style="list-style-type: none"> - Cadea Humana contra o cancro(19/10). - Charla Ancas(23/10). - Marí José Jove (26/10)
2º trimestre	B.Garcés 3ºB(11/01) B.Garcés 3ºB(18/01) Obradoiro cociña (5/02) Charla M.ambiente (14/03) Palitroques (15/03) R.Mero (18/03)	Obradoiro cociña (5/02) T.Hércules 4ºA (19/03) T.Hércules 4ºB (20/03)
3º trimestre	T.consumo (3/04) Erika Esmorís(19/04) Mural Abanca (29/04) Mª Pita (9/05) Hazlo verde. Leroy(15/05) E.Policia Nacional(23/05) Gramola gominola(24/05) Casa das Ciencias (30/05)	T.consumo (3/04) E.emocional(17/04) O mozo Picasso(26/04) Mural Abanca (29/04) Hazlo verde. Leroy(15/05) Gramola gominola(24/05)
Final de curso	Santa Cruz (20/06)	Ferrol (4/06)

CEIP Alborada

3º CICLO		
	5º EP	6º EP
1º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> -Rutas pola contorna (3/10) -Cadea Humana contra o cancro(19/10). - Experiencia inmersa na música (20/10). -Teatro no forum (10/11) -Taller estratexias de xogo(5/12) 	<ul style="list-style-type: none"> - Rutas pola contorna (4/10) - Acopros (12/12) - T.Colón .Danza(20/12)
2º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> Obradoiro de radio con Charo Pita(15/01) Obradoiro de cociña (30/01) Charla nutrición(6/02) Domus Maker 5ºA(20/02) Domus Maker 5ºB(27/02) Ciencia en movemento(5/03) Palitroques (15/03) Espias no tempo 5ºA (20/03) Espias no tempo 5ºB (21/03) 	<ul style="list-style-type: none"> so non é unha broma(12,19e26/01) Obradoiro de cociña (30/01) Muncyt (1/02) Charla nutrición(6/02) Cardiólogo(9/02) O.Nutrción (20/02) Taller de igualdade(18/03) Prazas con poder 6ºBeC(6/05) Prazas con poder 6ºBeC(7/05)
3º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> deal Gallego 5ºA (3/04) Exposición H.Newton (8/04) deal Gallego 5ºB (11/04) E.emocional (15/04) Policia nacional (16/04) Fp Innovación (26/04) Limpeza praia. S Cruz (10/05) E.Policia Nacional(23/05) Gramola gominola(24/05) Quén e quen (31/05) Cinema na Domus(3/06) 	<ul style="list-style-type: none"> Visita IES.Elviña (3/04) Exposición H.Newton (8/04) Parlamento (10/04) Policia nacional (17/04) Fp Innovación (26/04) Policia Nacional (2y3/05) Corrilingua (10/05) Limpeza praias no cole(16/05) Limpeza praias Dexo (24/05) Cinema na Domus (31/05)
Final de curso	Barrañán-Sabón (4/06)	Galipark(20/06)

CEIP Alborada

Actividades comúns para todo o cole

1º trimestre	Talleres Samaín(30/10) Xogos Magosto(31/10) X. cooperativos(20/12) O.inverno(21/12)
2º trimestre	Meco(do 5 ó 8/02) Carnaval(9/02)
3º trimestre	Carreira co Salgado (31/5) Infantil e 2º ciclo. Carreira co Salgado (5/6) 1º e 3º ciclo. F Festiva Infantil (18/06) Festiva Primaria (19/06) Xogos (21/06)

Actividades feitas no centro con motivo das festas e conmemoracións

Durante o curso celebráronse unha serie de conmemoracións, que a maioría veñen marcadas polo calendario escolar marcado dende a Consellería. Estas tiveron lugar no propio centro, celebrándose algunhas delas a nivel de aula e outras a nivel de centro.

O equipo de actividades extraescolares en colaboración cos diferentes equipos e proxectos do centro axudaron na elaboración de material funxible para traballar na aula, e decoraron os corredores e os espazos habilitados para as diferentes conmemoracións.

1º Trimestre

- **Inicio de curso:** Encerado primeiro andar, mural colaborativo de todos os ciclos sobre o tema da PDI de este ano. O corazón
- **Chegada do outono:** encerado entrada
- **Día internacional da dislexia (8 outubro):** Encerado entrada e charla.
- **Día internacional contra a violencia de xénero (25N):**
- **Magosto:** Exposición e decoración con castañas e elementos da natureza.
- **Mes da ciencia:** 2º e 3º ciclo fixeron diferentes experimentos nas aulas e no club de ciencias.
- **Samaín: Talleres** por ciclos.
- **Día internacional da diversidade funcional (3 de decembro):** Canción signada por todo o cole " De ellos aprendí" e facer mural do elefante Elmer entre todo o colexio.
- **Vacacións de Inverno:** o ultimo día de trimestre celebrouse pre Noitevella, no que todos viñeron elegantes e as 12h fixemos as badaladas todos xuntos. Tamén decoráronse os corredores e o salón de actos para o festival de Inverno. Adornouse o cole e a árbore de nadal con decoración e manualidades feita polos nenos/as na casa.

2º Trimestre

- **Día da paz (30 xaneiro):** Cantouse no patio a canción "A peor xogada". As clases colocáronse en forma de corazón, sobre o tronco dunha árbore pintada no chan, simulando as follas.
- **Entroido:** a semana de antes dese o EACE déronse a ordes do Meco organizouse un desfile de entroido baixo o lema o corazón, ese día tamén fixemos unha merenda con comida típica de esa festa tan galega. Decoramos o encerado da entrada. Este ano por motivo s metereolóxicos fixemos o desfile no pavillón do IES Elviña.
- **Día Internacional da Muller (8M):** No encerado píntouse unha a cara dunha muller e os de infantil debuxaron corazóns lilas que se pegaron no encerado simulando o cabelo. Charla de Ruth técnica en laboratorio e chapas con motivo desta conmemoración.

3º Trimestre

- **Día do libro:** Lecturas compartidas, cita a cegas cos libros. Decoración do encerado coa frase: Para viaxar lonxe non hai mellor nave cun libro.
- **Día internacional contra o acoso escolar (2 maio):** Charlas da policía e charlas do concello.
- **Semana das letras galegas:** Púxose o escritor do ano no encerado da entrada.
- **Festival final de curso:** Realizouse o guiñón das actuacións e o programa que se ofrececeu as familias.

A-10-PROXECTO PLURIINFANTIL

Introducción

No ano lectivo 2021-2022 o CEIPP ALBORADA integrouse na rede de centros plurilingües de Galicia, no curso 2022-2023 comezou a impartirse plurinfantil nos cursos de 4º e 5º de E.I., e neste curso 2023-2024 xa instaurouse en toda a etapa educativa

Xustificación

A aprendizaxe de linguas estranxeiras, e a súa utilización como vehículo de comunicación son de gran importancia hoxe en día, á vez que mellora outras habilidades e promove autoconfianza, polo que é de suma importancia a súa incorporación desde idades temperás.

A lingua non é obxecto de estudo en si mesma, senón que a empregaremos como instrumento de comunicación, e a aprenderemos a través de xogos, cancións, contos e curtas.

Cognitivamente favorece ó desenvolvemento das capacidades xerais de aprendizaxe, pois aprenderán de forma natural, e semellante á lingua materna.

A lingua estranxeira proporciona ó alumnado un maior desenvolvemento da competencia lingüística.

Temporalización-alumnado-Profesorado

A distribución horaria para cada unha das aulas foi dunha sesión semanal. Pr

A profesora responsable de levar a cabo este proxecto foi Dona Ana Borrazás Lariño, mestra de Educación Infantil con destino provisional no centro, e coa titulación nivel B2 de inglés.

Asemade, Don Joaquín Arias Moldes foi o coordinador do programa Plurilingüe, especialista en lingua estranxeira con praza definitiva no centro.

Obxectivos

Dentro do proxecto recóllense certos obxectivos que buscan ser alcanzados ao logo de toda a ensinanza educativa, tales como:

- Potenciar a aprendizaxe do inglés para mellorar as competencias lingüísticas dos nosos alumnos
 - En proceso.
- Estimular ao alumnado na aprendizaxe dos valores que conforman a Unidade Europea: solidariedade, tolerancia, cooperación... - En proceso.

- Potenciar a participación e implicación de toda a comunidade escolar en proxectos europeos de formación permanente - Acadado.
- Valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre as persoas de procedencias e culturas diversas e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos - Acadado.
- Manifestar unha actitude receptiva, interesada e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira - Acadado.

Por outra banda, e xa relacionado coa etapa que nos atañe buscamos:

- Potenciar o xogo como actividade propia desta etapa – Acadado.
- Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación – En proceso.
- Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades contextualizadas e mostrar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos – Acadado.
- Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas e a expresión corporal – Acadado.
- Achegarse ao coñecemento de entornos multimedia – Acadado.

Os obxectivos lingüísticos que levamos a cabo foron os seguintes:

- Reforzar e ampliar o vocabulario e utilizar expresións habituais en inglés - Acadado.
- Utilizar o inglés de forma oral para comunicarse nas actividades habituais da aula – En proceso.
- Comprender e utilizar o léxico propio do nivel - Acadado.
- Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente – Acadado.
- Expresarse e interactuar oralmente en situacións sinxelas e habituais que teñan un contido e desenvolvemento coñecidos, utilizando procedementos verbais e non verbais e adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación – En proceso.

Contidos

Os contidos foron traballados de forma lúdica, tal e como recolle o D.150/2022, a través de cancións, xogos, contos e visionado de vídeos.

1º TRIMESTRE

- Rutinas: cancións e saúdos de benvinda e despedida.

CEIP Alborada

- Vocabulario colexio: aprendemos materiais básicos que empregaremos ao longo de todo o curso escolar (lapis, folio, goma, etc.).
- Cores primarias.
- Partes da cara.
- Vocabulario do outono, Halloween e Nadal.

2º TRIMESTRE

Continuamos repasando o aprendido no trimestre anterior, pero ampliando o vocabulario:

- Rutinas: saúdos de benvinda e despedida, e ademais o tempo meteorolóxico.
- Cores primarias e secundarias.
- Partes da cara e extremidades.
- Emocións.
- Vocabulario do inverno, Entroido e Pascua.

3º TRIMESTRE

Continuamos repasando o aprendido nos trimestres anteriores, e ampliando o vocabulario:

- Rutinas del aula (saúdos, tempo meteorolóxico, días da semana...).
- Cores a través da alimentación.
- Partes do corpo.
- Emocións.
- Vocabulario da primavera.

Atención á diversidade

Todas as actividades e xogos están adaptadas ás diferentes necesidades educativas, potenciando a implicación do alumnado na aula.

Algunhas destas adaptacións foron:

- Colocar ao alumnado NEE en primeira fila ou sen obstáculos diante para un correcto visionado dos contos, vídeos e bailes.

CEIP Alborada

- Ser o encargado de xirar a ruleta, dicir as cores dos obxectos a deseñar, partes que deben sinalar os compañeiros... nas diferentes actividades e xogos.
- Escoller a canción final da sesión.

Metodoloxía e recursos

- Principio de flexibilidade: adaptámonos aos diferentes ritmos dos nenos, situacións de aprendizaxe e intereses dos pequenos.
- Principio de participación: realizando actividades de expresión oral para vencer a timidez ou medo, e actividades en grupo.
- Principio de ludicidade: utilizando diferentes xogos conseguen una maior motivación para aprender outra lingua.
- Principio de globalización: contribuímos nas diferentes áreas: música (mediante cancións), plástica, expresión oral e corporal...
- Traballo por rutinas: a través deste método, outorgámoslle maior seguridade aos nenos e potenciamos a súa autonomía.
- Na educación infantil traballamos contidos da lingua oral xa que, basicamente tratase de formar o oído do menor para que comece a descubrir os sons doutro idioma.

- Recursos

Ao longo do curso empregáronse múltiples recursos, como flashcards, material do propio aula, xogos de mesa, ruleta para xogar ao bingo, material funxible...

Propostas de mellora

- Seguir ampliando os recursos bibliográficos da biblioteca.
- Crear nos corredores e noutras estancias do centro un entorno en inglés que sirva para motivar ao alumnado a utilizar a lingua estranxeira en situacións comunicativas cotiás.
- Considero moi importante a axuda por parte do auxiliar de conversa co obxectivo de potenciar a lingua oral e a escoita da lingua estranxeira nas idades máis temperás, xa que neste momento teñen moita máis facilidade para aprender un idioma que noutras idades posteriores. Polo que sería de vital importancia a presenza de auxiliares de conversa para poder desenvolver habilidades básicas de comunicación dentro da aula. Isto podería ser a través de xogos unha vez ao mes co auxiliar, ou incluso facendo xuntanzas co alumnado de primaria que lle corresponda estar co auxiliar, potenciando así o traballo internivelar.

Conclusións

A realización das aulas en 4º E.I. fíxose máis complicada que nos cursos posteriores, os cales xa tiñan algunhas nocións adquiridas, e polo que estaban máis motivados á hora de levar a cabo as actividades.

Por outra banda, resaltar que houbo grandes avances en moitos dos rapaces de todas as aulas, os cales foron capaces de interiorizar normas sinxelas en inglés como: sentarse, recoller, coller algún material (lapis, papel, plastilina...). Tamén salienta que houbo rapaces que xa comezaron a pedir ir ao aseo, ou beber auga en inglés, así como responder múltiples preguntas de vocabulario, das rutinas de bos días, ou saudar e despedirse neste idioma.

A.11.-PROXECTO PLURILINGÜE

Introdución

No ano lectivo 2021-2022 o C.E.I.P. ALBORADA integrouse na rede de centros plurilingües de Galicia.

No proxecto plurilingüe do curso académico 2023-2024 impartiuse *Arts and Crafts* en inglés en 1º, 2º e 3º de educación primaria. O proxecto contempla a progresiva incorporación doutros niveis en cursos sucesivos.

Como novidade dentro de este curso escolar cabe destacar a incorporación do ensino por ámbitos nos tres ciclos de educación primaria, pasando a traballarse *Arts and Crafts dentro do "ámbito artístico" mantendo a lingua inglesa como lingua de instrución.*

Cómpre destacar a presenza dunha auxiliar de conversa no centro, Iris Boulton procedente de Penzance, no sur de Inglaterra (UK), que estivo connosco dende o 8/1/24 ata o 30/05/24, colaborando coa mestra de lingua inglesa en educación infantil, 1º, 2º e 3º nivel de educación primaria e co mestre de 4º, 5º e 6º de educación primaria, cumprindo co seu horario de 16 horas semanais. Xustificación

A aprendizaxe de linguas estranxeiras e a súa utilización como vehículo de comunicación son de gran importancia hoxe en día, a vez que mellora outras habilidades e promove autoconfianza, polo que é de suma importancia a súa incorporación a idade temperá.

CEIP Alborada

A lingua non é obxecto de estudo en si mesma, senón que se utiliza como instrumento de comunicación.

Favorece ó desenvolvemento das capacidades xerais de aprendizaxe pois aprenderán de forma natural e semellante á lingua materna.

A lingua estranxeira proporciona ó alumnado unha maior desenvolvemento da competencia lingüística.

Etapa, curso e materia na que se desenvolveu o proxecto plurilingüe

Este proxecto estivo dirixido para o alumnado de 1º, 2º e 3º curso da etapa de Primaria na materia de *Arts and Crafts*, dentro do "ámbito artístico" de ensino.

A distribución horaria para o grupo plurilingüe foi a seguinte: 1 sesión semanal (en concordancia cos horarios do "ámbito artístico") para un total de 119 alumnos.

Profesorado participante

Os responsables de levar a cabo este proxecto fomos:

- **Magdalena Casal Crego**, mestra con destino definitivo no centro en educación musical coa titulación nivel C2 de inglés.
- **Marisol Gándara Sánchez**, mestra con praza definitiva no centro e habilitada con nivel C2 e impartindo lingua estranxeira nos cursos que seguen: tódolos niveis de educación infantil e 1º, 2º e 3º de educación primaria.
- **Flaminio Joaquín Arias Moldes**, coordinador do programa, especialista en lingua estranxeira con praza definitiva na área de lingua estranxeira e a cargo dos seguintes grupos: 4º, 5º e 6º.
- **Iris Boulton**, auxiliar de conversa e que colaborou no proxecto nos termos que se relatan nas liñas anteriores da introdución.

Obxectivos e grao de consecución

Os obxectivos que se enumeran a continuación son obxectivos correspondentes ao proxecto e como tal deben ser traballados todos os anos en cada nivel.

Obxectivos do proxecto	Grao de consecución
Potenciar a aprendizaxe do inglés para mellorar as competencias lingüísticas dos nosos alumnos.	En proceso xa que a competencia lingüística dos alumnos e a aprendizaxe das linguas nunca remata como tal.
Estimular aos nosos alumnos na aprendizaxe dos valores que conforman a Unidade Europea: solidariedade, tolerancia, cooperación, ...	Acadado.
Valorar a importancia das linguas na cooperación e relación con outras comunidades do noso mundo.	Acadado.
Potenciar a participación e implicación de toda a comunidade escolar en proxectos europeos de formación permanente.	En proceso.
Promover o desenvolvemento do currículo integrado das linguas para favorecer a transferencia dos coñecementos e as competencias dunha Lingua a outras.	En proceso xa que a competencia lingüística dos alumnos e a aprendizaxe das linguas nunca remata como tal.

Obxectivos do proxecto na área de Arts & Crafts	Grao de consecución
Traballar a materia conxuntamente coa lingua estranxeira co fin de que o alumnado poida aplicar os coñecementos adquiridos na clase de inglés na sesión de plástica e viceversa	Acadado.
Utilizar a lingua inglesa nas distintas situacións comunicativas que se dean na aula: pedir material, comentar as producións artísticas propias e dos compañeiros, descrición de obras de arte, seleccionar	En proceso xa que a competencia lingüística dos alumnos e a aprendizaxe das linguas nunca remata como tal.

CEIP Alborada

información.	
Dominar conceptos, procedementos e recursos expresivos que poñan de manifesto as capacidades de percepción, organización do espazo e representación de formas.	En proceso.
Aplicar os recursos básicos que ofrece a linguaxe visual e plástica: liña, superficie, color, textura, volume e espazo.	Acadado
Dominar o trazo e coñecer as súas posibilidades expresivas co obxecto de que se poidan aplicar a calquera realización visual ou plástica.	En proceso
Utilizar a linguaxe visual e plástica como un medio para expresar as vivencias de maneira autónoma e creativa.	Acadado
Identificar, entender e utilizar uns certos códigos que se atopan nas manifestacións artísticas do entorno máis próximo.	Acadado
Analizar e interpretar imaxes do arte nun contexto social e histórico próximo.	Acadado
Manifestar hábitos de observación, atención e pulcritude así como respecto hacia as obras propias como as dos outros.	Acadado
Identificar, memorizar e utilizar palabras do vocabulario básico do campo semántico das cores, das instrucións básicas, obxectos da clase e ferramentas relacionadas coa plástica.	Acadado
Coñecer e utilizar de maneira adecuada as funcións comunicativas básicas seguintes: saúdos, presentacións, despedidas, informacións e instrucións.	Acadado

No resto dos cursos de educación primaria, de 4^o a 6^o, os obxectivos lingüísticos que levamos a cabo foron os seguintes

- Reforzar e ampliar o vocabulario e utilizar expresións habituais en inglés.
- Utilizar o inglés de forma oral para comunicarse cos mestres, compañeiros nas actividades habituais da aula e con alumnos de diferentes lugares.
- Comprender o sentido xeral de textos orais propios da súa idade (contos breves, adiviñas, pequenas lendas).
- Comprender preguntas relativas á información persoal (nome, idade, gustos).
- Falar de si mesmos e de persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos achegando información fundamental.
- Participar de maneira simple e comprensible en conversas entre os propios compañeiros e alumnos de outros lugares.
- Ler en voz alta textos breves e previamente traballados, amosando unha entoación e pronuncia adecuada.
- Escribir textos curtos e sinxelos, seguindo modelos compostos de frases simples.
- Obter e dar información básica sobre a contorna máis inmediata.
- Comprender e utilizar o léxico propio do nivel.
- Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.

Para a consecución destes obxectivos foi inestimable a colaboración da lectora que forma parte do proxecto arriba mencionada.

Obxetivos non lingüísticos:

- Aprender a usar con progresiva autonomía medios variados, incluídas as TIC, para obter información e para comunicarse en lingua estranxeira.
- Valorar a lingua estranxeira, e as linguas en xeral, como medio de comunicación e

entendemento entre as persoas de procedencias e culturas diversas e como ferramenta de aprendizaxe de distintos contidos.

- Manifestar unha actitude receptiva, interesada e de confianza na propia capacidade de aprendizaxe e de uso da lingua estranxeira.

7. Contidos

En relación aos contidos dicir que partimos do máis básico a nivel do alumnado e pouco a pouco fomos incrementando a dificultade.

A continuación sinalamos os principais contidos lingüísticos que realizamos ao longo do presente curso:

- Utilización de vocabulario e expresións habituais en inglés.
- Lectura e escritura de forma comprensiva de textos curtos e sinxelos.
- Utilización do inglés de forma oral para comunicarse cos mestres, compañeiros nas actividades habituais da aula e con alumnos de diferentes lugares.
- Comprensión de información esencial de un conto breve, rima ou lendas propias para a idade.
- Comprensión de preguntas e informacións relativas á información persoal.
- Presentacións de si mesmos e de persoas da súa contorna inmediata, de lugares e obxectos achegando información fundamental.
- Participación de maneira simple e comprensible en conversas entre os propios compañeiros e alumnos de outros lugares.
- Lectura en voz alta textos breves e previamente traballados, amosando unha entoación e pronuncia adecuada.
- Escritura de textos curtos e sinxelos, seguindo modelos compostos de frases simples.

- Preguntas e respostas sobre aspectos persoais e relacionados coa súa contorna.
- Léxico oral propio do seu nivel.
- Interese e curiosidade por aprender unha lingua inglesa.

Conmemoracións e actividades

Actualmente, o 1º, 2º e 3º curso de Ed. Primaria conta coa docencia de **Educación Plástica (Arts and Crafts)** en relación co "ámbito artístico de ensino" na lingua estranxeira inglés, formando parte da *Rede de Centros Plurilingües de Galicia*.

A elección desta materia como a inicial para desenvolver o Proxecto Plurilingüe é porque nela o alumnado atópase nun entorno distendido, comunicativo, instrumental e creativo; con moitas posibilidades de promover o uso da lingua: coñecemento de vocabulario diverso, integración de aprendizaxes, fomento da propia autoestima e a valoración da lingua estranxeira. Todo isto contribúe, de xeito moi directo, a crear toda unha gama de competencias persoais, sociais e profesionais.

A figura da **auxiliar de conversa** resultou de gran axuda nas sesións. Estableceuse unha boa relación entre ela e o alumnado; que acudía a ela para preguntar dúbidas e conversas distendidas.

A impartición da materia con carácter bilingüe tivo boa acollida entre os alumnos e non presentou grandes dificultades. A **metodoloxía CLIL** púxose en práctica con actividades de diversa índole. Destacamos a aprendizaxe de novo vocabulario en inglés relacionado cos materiais, as formas, as texturas e os diferentes estilos artísticos. Realizamos actividades en conmemoración de **celebracións anglosaxonas** como *Halloween, Christmas* ou *Easter*.

Nos cursos de 4, 5º e 6º de Primaria tamén se realizar diferentes actividades:

- **Language assistant/ Presentación da auxiliar de conversa (Semana do 7 de Xaneiro 2024):** A auxiliar de conversa realizou unha presentación para cada curso explicando o lugar onde vivía, a súa familia e comidas favoritas, así como os seus gustos e aficións.

- **Halloween party/ Celebración de Halloween (30 de outubro):** este ano celebramos o día 30 de outubro Halloween visualizando e explicando como celebran esta festividade no Reino Unido.

- **Christmas/ Nadal (mes de decembro):**

Traballamos as distintas tradicións relacionadas co nadal nos países de fala inglesa.

- **Saint Patrick's day/ Día de San Patricio:** celebramos este día 17 de marzo, visualizando vídeos sobre a súa orixe e porque se festexa este día. Tamén coloreamos diferentes fichas.

- **Easter**

Traballamos as distintas tradicións nos países de fala inglesa: "egg rolling", "easter bunny", "easter eggs" a través de actividades plásticas e dixitais como "kahoot".

*Tamén dende o principio de curso traballamos a 5º habilidade do curriculum oficial de lingua inglesa que fai referencia aos aspectos culturais máis importantes dos países de fala inglesa, coa axuda da nosa auxiliar de conversa traballamos o Reino Unido, Estados Unidos, Australia e a India, con moita implicación por parte do alumnado e uns resultados excelentes.

Valoración da metodoloxía, recursos e coordinación

Baseámonos nos principios básicos das correntes pedagóxicas actuais.

- **Principio de creatividade:** mediante a creación das postais de nadal e debuxos de propia creación.
- **Principio de participación:** realizando actividades de expresión oral para vencer a timidez ou medo, diálogos para fomentar o respecto polas producións propias e alleas e actividades en grupo.
- **Principio de ludicidade:** utilizando diferentes xogos.
- **Achegamento á realidade:** mediante o coñecemento de culturas de outros países, características da súa gastronomía, monumentos.

CEIP Alborada

- **Principio de globalización:** contribuímos ás diferentes áreas: inglés (lectura de contos e utilización da lingua oral), plástica (murais para nadal, cartas de San Valentín e debuxos para día de San Patrick's day).

Os recursos son os medios cos que contamos para levar a cabo a sección plurilingüe:

- Material textual: utilización de fichas, libros, xogos ... relacionadas cos contidos.
- Material audiovisual: ó longo do curso empregamos vídeos relacionados cos contidos traballados.
- Material multimedia: reprodución de vídeos, presentacións, actividades multimedia e acceso a contidos online.

Coordinación

Levamos a cabo unha boa coordinación entre todos os mestres participantes, realizando semanalmente unha reunión para desenvolver diferentes actividades, organizarnos e avaliar o desenvolvemento da sección plurilingüe regularmente.

Atención á diversidade

Tivemos en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe de cada alumnado así como as principais dificultades de cada un deles organizando cada actividade seguindo as características propias de cada un para evitar rexeitamento ou frustración cara a lingua inglesa

Propostas de mellora para o próximo ano académico

Tentar novas formas de agrupamento (dentro da aula)

- Ampliación dos recursos tecnolóxicos, materiais e humanos na medida do posible.
- Ampliar os cursos participantes na mesma e tratar de conseguir a medio prazo que o centro continúe sendo Pluriinfantil e Plurilingüe.
- Crear nos corredores e noutras estancias do centro un entorno en inglés que sirva para motivar

CEIP Alborada

ao alumnado a utilizar a lingua estranxeira en situacións comunicativas cotiás.

-Seguir ampliando os recursos bibliográficos da biblioteca.

Seguimento e Avaliación do programa plurilingüe

- Grao de comprensión da materia de plástica coa lingua inglesa como lingua vehicular.

- Grao de interacción na lingua inglesa como lingua vehicular.

O nivel de comprensión por parte dos alumnos é aceptable pero o seu nivel de uso da lingua na aula, é baixo.

Consideramos que o alumnado non precisa dun vocabulario específico para a materia de plástica, creemos mais interesante favorecer a interacción e expresións de xeito natural na aula xa que iso pode favorecer usos máis específicos da lingua.

O grado de interacción da lingua inglesa foi positivo.

Conclusións

Ao longo do curso os mestres da sección plurilingüe realizamos reunións semanais para ir analizando as dificultades do alumnado.

Respecto a educación plástica:

Observamos que os alumnos de 1º, 2º e 3º curso que comezaron este ano a sección plurilingüe, notóuselle unha progresiva mellora respecto a competencia lingüística e motivación cara o inglés.

No que respecta ao resto dos cursos de 4º a 6º de educación primaria, houbo gran motivación, aprenderon vocabulario novo, frases habituais na materia e estaban moi motivados coa auxiliar de conversa, mellorando así a súa produción oral e o seu nivel auditivo na lingua estranxeira así como comezaron a mellorar a competencia escrita, con pequenas producións na lingua inglesa.

Aspectos positivos:

Os beneficios do multilingüismo na educación inclúen:

CEIP Alborada

- Desenvolvemento de habilidades sociais, expresión oral e cognitiva.
- Permite o achegamento a outras culturas.
- Fomenta o pensamento crítico.
- Desenvolvemento das habilidades metalingüísticas.
- Realizáronse moitos estudos sobre a importancia da adquisición temperá das diferentes linguas, xa que o cerebro a esa idade ten unha maior capacidade para obter coñecementos e distinguir sons.
- Outro aspecto esencial para aprender varias linguas é a interacción con outras persoas, non só estar exposto a sons. A adquisición de diferentes linguaxes permítelle ao alumno desenvolver un maior control dos procesos cognitivos como a memoria e a flexibilidade mental.

A.12.-Departamento de Inglés

A metodoloxía empregada en E. infantil semella idónea para os rapaces, xa que foi encamiñada a proporcionar unha aprendizaxe lúdica e significativa e esta ofrécelle o alumnado a posibilidade de aproximarse ao aprendizaxe dende diferentes rutas , auditiva , visual , táctil e o vocabulario novo presentase a traes dunha rima ou canciónciña (Chant) e logo se traballa mediante unha estrutura principal.

En E. primaria e necesario traballar as destrezas básicas (reading, writing, speaking and listening) e ademáis Culture, para isto usáronse ferramentas dixitais e aplicacións propias da lingua estranxeira. Sinalar que contamos cunha auxiliar de conversa unha hora semanal en cada curso para axuda nas destrezas básicas e o alumnado mostrouse bastante motivado e a maioría involucrouse en situacións reais de comunicación adaptadas ao seu nivel

En canto a **atención a diversidade** empregáronse fichas, cadernos ou outros libros e materiais adecuados as súas necesidades.

GRAO DE CONSECUCION DOS OBXECTIVOS E DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS.

Os obxectivos foron acadados en distintos graos, aínda que na maioría foron acadados satisfactoriamente.

Educación Infantil En xeral, os obxectivos do curso na materia de Inglés cumpríronse de maneira satisfactoria. En Infantil a gran maioría levaron "*Sen dificultade*" salvo algúns nenos/as que levaron "*En proceso*" ou "*Con dificultade*". Isto depende do item que se valore.

Educación Primaria En xeral, acadáronse os obxectivos propostos e o desenvolvemento das competencias de acordo cos diferentes niveis.

A programación desenvolveuse segundo o previsto ao longo do curso e nos diferentes niveis. Na meirande parte dos casos todos os alumnos acadaron os obxectivos previstos. Os grupos resultaron ser bastante homoxéneos en capacidades e aptitudes cara a lingua inglesa e case sempre moi motivados na realización das actividades propostas polo que non presentaron especiais dificultades á hora de desenvolver as programacións previstas. Salvo en casos moi excepcionais. Noutros casos cabe salientar que os obxectivos propostos para cada nivel acadáronse cun avance notable nalgúns alumnos/as ao final do curso.

O profesorado salienta a dificultade de traballar o apartado oral debido ao numeroso alumnado par aula; procurando compensalo con actividades colectivas.

Séguese insistindo en crear no alumnado hábitos de traballo e en pedir colaboración as familias para que se leven as tarefas ao día.

Dificultades engadidas que destaca o profesorado de inglés

A dificultade de reforzar a alumnos que o precisan dado o elevado numero dos mesmos por aula, os diferentes ritmos de aprendizaxe e as características persoais de cada un.

- Precisaríase profesorado de apoio para esta materia como por

exemplo nas sesións nas que colabora a nosa lectora onde a dinámica da aula é moito mais rica.

- Hai que dicir que o alumnado, en xeral, ten acadado un desenvolvemento aceptable de acordo co seu nivel.

METODOLOXIA E RECURSOS

A metodoloxía empregada foi: variada, flexible, e participativa, fomentando na medida do posible a implicación do alumnado e a interacción alumna-alumna e co profesorado. Traballouse co alumnado individualmente, por parellas e nas distintas formas de organización grupal: pequeno, medio e gran grupo. Segundo as actividades desenvolvidas utilizouse a asignación de tarefas e sobre todo o descubrimento guiado sen perder en actividades tanto orais coma escritas.

En canto ao material empregado foi moi variado: bibliográfico, dixital, audiovisual, uso intensivo das TICS, pantalla e ordenadores. En toda a etapa de infantil ademais traballouse especialmente as rutinas, cancións e a lingua oral dado o grao de desenvolvemento do alumnado

Os materiais básicos de instrución deste curso foron segundo segue:

Na etapa de E. Infantil non se usaron libros de texto xa que se traballa basicamente por proxectos e fomentando moito o uso da lingua oral.

De 1º a 3º de educación primaria non se empregaron libros de texto, dando especial relevancia ao uso da lingua oral, materiais propios da mestra, uso de recursos dixitais e materiais gráficos en moi diversos formatos.

En 4º de primaria traballouse co libro " Grammar friends 1" (ed.Oxford) e máis con materiais propios do mestre, uso de recursos dixitais, audiovisuais e materiais gráficos en moi diversos formatos.

En 5º e 6º de primaria o alumnado traballou con distintos temas propostos polo mestre na plataforma Edixgal como complemento ao libro "Grammar friends 2 e 3" (ed. Oxford) e máis con materiais propios do

CEIP Alborada

mestre, uso de recursos dixitais, audiovisuais e materiais gráficos en moi diversos formatos.

Outros recursos empregados para a elaboración de materiais de reforzo ou ampliación inclúen:

- Libros e cadernos dixitais obtidos das diferentes editoriais.
- Presentación de vídeos explicativos a través de Youtube.
- Realización de test de repaso con Kahoot, Liverworksheets e outros soportes educativos.
- Elaboración de fichas e xogos interactivos.
- Realización de investigacións coa axuda de soportes web.
- Emprego de Blogues e paxinas web coma canle de traballo.
- Realización de titorías e comunicación permanente coas familias a través do portal Abalar Mobil, correo electrónico, telefónicas, etc...

- Plataforma Edixgal .

Estudiaronse as propostas do Departamento de Orientación, Equipo de Coordinación Pedagóxica, Actividades Complementarias, Biblioteca e Normalización Lingüística e trataron de integrarse dentro da programación do departamento de lingua inglesa.

Mercouse material bibliográfico e lúdico para facilitar a tarefa Ensino-Aprendizaxe.

Planificaronse e confeccionaronse actividades para cubrir a s diversas conmemoracións do calendario escolar.

- Participouse nas actividades de Halloween, Nadal, Entroido, Día da Paz, Día do libro, entre outras, ben a nivel de centro ou de aula..

CEIP Alborada

- Montarónse presentacións para o ensino de diferentes materiais de xeito máis lúdico.
- Diseñáronse e planificáronse diversas actividades de manualidades de acordo ao nivel, especialmente en cursos inferiores.
- Os integrantes do departamento colaboraron nas reunións periódicas de nivel, de ciclo, do Departamento de Orientación e co Equipo de Coordinación Pedagóxica cando foron requeridos.

Valoración final e propostas de mellora

O traballo desenvolveuse conforme ao inicialmente programado.

Débase insistir máis nas normas de convivencia para que o alumnado se respecte mutuamente así coma ao resto dos membros da comunidade e o clima escolar sexa óptimo. Isto implica seguir a traballar desde todos os ámbitos as habilidades sociais.

Pregarase á Administración, na medida do posible, unha maior presenza de profesorado de apoio nas horas de lingua inglesa dado os diferentes ritmos de aprendizaxe, necesidades e personalidade do alumnado.

A.13-Departamento de Música e Plástica

MEMORIA DA ÁREA DE EDUCACIÓN ARTÍSTICA: PLÁSTICA E MÚSICA

Educación Plástica e Visual e Música e Danza, anteriormente unidas na área de Ed. Artística, son dúas materias independentes en todos os cursos de Ed. Primaria LOMLOE. Con respecto a Educación Plástica, 1o 2o e 3o de Primaria foi impartida na lingua estranxeira inglés, formando parte da *Rede de Centros Plurilingües de Galicia*.

Espazos e materiais

As sesións de **Música** de Ed. Primaria tiveron lugar na aula destinada para tal fin na súa totalidade. En Ed. Infantil comezamos a utilizar a aula de Música paulatinamente, seguindo como criterio o nivel de a madurez do alumnado: no 1o trimestre en 6o e en 5o curso, e no 3o trimestre en 4o curso.

A dotación da aula de Música atópase en estado mellorable, con moitos instrumentos deteriorados e inservibles. Ao longo dos dous últimos cursos fóronse adquirindo instrumentos novos como ukeleles, tubos sonoros e campás afinadas. A pesar das considerables melloras, é necesario unha importante renovación dos instrumentos, como se detalla no inventario proporcionado á secretaría.

CEIP Alborada

En canto a **Plástica**, as sesións tiveron lugar na **Aula de Arte**, a través do traballo por ámbitos no **Ámbito Creativo Audiovisual**. Esta aula tamén se utiliza para a actividade extraescolar de Pintura os venres pola tarde, o cal fai necesaria unha constante coordinación entre profesorado usuario do espazo, que non sempre é posible.

Unha **proposta de mellora** é facer fincapé en manter o espazo ordeado, cumprindo as normas establecidas para o correcto uso dos materiais, tanto nas actividades lectivas coma nas extraescolares.

Consecución de obxectivos

Tanto en Música como en Plástica cumpríronse os obxectivos propostos cun porcentaxe de aprobados de casi 100% a final de curso en tódolos niveis; agás un suspenso en 1oB e outro en 1oA (alumno NEE con Adaptación Curricular).

Houbo unha participación activa nas diversas festividades do centro: Conmemoración de celebracións anglosaxonas como *Halloween*, *Christmas*, *St. Patrick's Day* e *Easter*, dentro do proxecto Plurilingüe. Preparación de actuacións para o Festival de Inverno e o de Fin de Curso.

No referente a **Música**, en tódolos cursos o alumnado foi moi participativo. En xeral, desfrutaban moito coas propostas e actividades musicais. Traballamos a entoación o pulso e o acento a través de interpretación de cancións coa voz, acompañada de percusión corporal e PAI, dende os cursos máis baixos ata os superiores.

Practicamos a escoita activa de fragmentos musicais de diferentes estilos, tanto do repertorio culto coma popular e do folclore. Discriminamos visual e auditivamente instrumentos das diferentes familias. Afianzamos a lectura de esquemas rítmicos a través de diferentes actividades de percusión corporal, instrumentos PAI e xogos, empregando a imitación, e a improvisación pasando logo á representación por medio da linguaxe musical, tanto con notación non convencional coma convencional. En canto á frauta, o alumnado de 3o iniciouse neste instrumento chegando a tocar cancións coas notas si, la, sol e do' (introducidas por esta orde). En 4o seguimos avanzando ata tocar pezas con tódalas notas da escala de Do. En 5o e 6o afianzamos a aprendizaxe destas notas. Moitas pezas foron interpretadas con instrumentos PAD coma campaiñas afinadas e boomwhakers, explorando os diferentes timbres e técnicas de cada un, dentro das nosas posibilidades.

Por último, en todos os cursos, aproveitamos as características da actividade musical para traballar valores, aos que demos moita importancia: o traballo colectivo, o esforzo individual para o logro común, o respecto aos compañeiros, o disfrute dos resultados, a entrega ao traballo, a capacidade de escoita activa, a superación dos erros de forma positiva, a aceptación das propias posibilidades tendo unha actitude activa de mellora e a colaboración e cooperación co resto do alumnado.

Na parte de **Plástica**, a metodoloxía dos ámbitos facilitou o fomento da creatividade e o hábito de traballo a través do deseño de tarefas nas que ademais de aplicarse os conceptos estudados, utilizáronse diferentes materiais e técnicas, así como tamén a metodoloxía CLIL. Tódalas tarefas de ámbito relacionáronse con diferentes formas de arte: pintura, arquitectura, deseño; así como diferentes artistas: Paul Klee, Velázquez, Andy Warhol, etc. Cabe sinalar a aprendizaxe de novo vocabulario en inglés co que ata agora non tiñan relación, coma o relacionado coas formas, as texturas e os diferentes estilos artísticos. A materia con

CEIP Alborada

carácter bilingüe tivo boa acollida entre os alumnos e non presentou grandes dificultades. Ademais, isto favoreceu a realización de tarefas en conmemoración de celebracións anglosaxonas como *Halloween*, *Christmas*, *St. Patrick's Day* ou *Easter*.

Dende os cursos baixos fíxose fincapé no desenvolvemento da motricidade fina en actividades de recortar, dobrar e pegar; así coma no coloreado con diferentes materiais (ceras, rotuladores, acuarela, ténpera). Por último, comezamos técnica de debuxo de animais, elementos naturais e persoas.

Metodoloxía

En Ed. Musical:

En todos os cursos realizáronse actividades de movemento en danza, a maioría delas en gran grupo ou parellas; aínda que tamén se fixeron en pequenos grupos (4-5) ou individual.

A práctica da frauta comeza a partir de 3o de Primaria. Primeiro cantamos e solfeamos a peza, despois practicamos as posicións dos dedos sen soplar, posteriormente tocamos as pezas por fragmentos que imos acumulando ata que sabemos tocar toda a peza.

A práctica da percusión corporal foi un gran recurso que se utilizou en grande medida, moitas veces anticipando ao uso de PAI. O acompañamento de cancións con instrumentos PAI é un básico dende os curso máis baixos, incluíndo Ed. Infantil, ata 6o de Primaria. A práctica de instrumentos PAD comezou dende infantil con boomwhackers e campáñas afinadas. En 5º e 6º iniciámonos na práctica de orquestra Orff aínda que a falta de baquetas e o mal estado dalgúns destes instrumentos non permite realizar interpretacións grupais completas e realízanse por turnos.

A práctica do canto iniciáronse con exercicios de respiración para continuar cos de articulación e dicción.

Seguiuse en todo momento unha metodoloxía activa e participativa. En canto a metodoloxías estritamente musicais que foron empregadas, cabe nomear as seguintes:

- □ Dalcroze: Actividades de música e movemento.
- □ Willems: Repertorio pedagóxico de cancións.
- □ Orff: Práctica con instrumentos escolares.

Procúrase facer da linguaxe musical un vehículo de expresión, interiorizar conceptos de modo práctico e vivencial e utilizar a clase para descubrir e desfrutar dos diversos estilos musicais propios e de outras culturas.

No referente a **Ed. Plástica**, traballouse a materia coa metodoloxía de Ámbitos con grupos mixtos de alumnado dos dous cursos do ciclo, o que facilitou o traballo cooperativo en grupos de 4/5 membros. As tarefas teñen unha duración de 4 sesións en 2o e 3o ciclo, e 5 sesións en 1o ciclo; e estrutúranse en diferentes actividades seguindo o seguinte esquema:

1. Actividades de introdución – contextualización a través dunha dinámica de “Vexo – penso – preguntome” sobre unha obra artística que sirve como introdución aos contidos que se van traballar.
2. Actividades técnicas: onde se traballa o manexo de instrumentos de debuxo como regra, escuadra, cartabón e compás; cortado e pegado, acuarela, etc.
3. Actividades creativas: onde o alumnado diseña sobre diferentes soportes: debuxo, modelado, stopmotion, etc.
4. Actividades de reflexión, coavaliación e autoavaliación ao final de cada sesión.

Tamén traballouse a metodoloxía CLIL que utiliza o inglés como lingua vehicular ao longo de toda a tarefa, e trabállase vocabulario específico de cada unha das mesmas nas actividades de introdución.

As actividades de ensino que se levaron a cabo co alumnado realizáronse considerando os distintos principios metodolóxicos da **Educación Artística**:

1. O enfoque globalizador e a aprendizaxe significativa perfílanse como os máis idóneos para o tratamento dos distintos contidos.
2. A actividade como observación e experimentación. A actividade é a fonte principal de aprendizaxe e de desenvolvemento da infancia, toda ela baseada nunha metodoloxía activa e lúdica.
3. Os espazos e os materiais: soporte para a acción, interacción e comunicación. A escola debe ofrecer oportunidades para a experimentación con recursos expresivos como pinturas, libros, bailes.

A metodoloxía utilizada en Educación Artística baséase en:

- □ Asesorar sobre os recursos que deben ou poden utilizarse.
- □ Animar ante os novos descubrimentos.
- □ Mostrar unha actitude de respecto ante as producións dos nenos e nenas.
- □ Interesarse máis no proceso de realización que no resultado.
- □ Considerar a expresión artística como un rexistro da súa personalidade.
- □ Comprender que para traballar a expresión plástica debemos ter en conta:

espazos, tempos e materiais adecuados.

- □ Estimular no alumnado a tolerancia e o respecto polo traballo alleo.
- □ Deixar que os nenos e nenas desenvolvan as súas propias técnicas,

mediante a experimentación.

- □ Aceptar oserros,sonfroitodaexperienciainfantiledaprocuradecódigos expresivos propios.

CEIP Alborada

- □ Exhibir os traballos de todo o alumnado, concedéndolle a mesma importancia e interese
- □ Crear unha atmosfera onde a expresión artística teña un especial valor.

Avaliación

A avaliación que se fixo durante todo o curso foi global, continua e formativa tendo en conta os progresos individuais de cada neno/a comparándoos co nivel inicial de cada un deles/as ó comezo do curso. Así mesmo, contempleuse o proceso de aprendizaxe dos nenos/as, a práctica docente, os procesos de ensinanza e a análise do proxecto curricular.

Os traballos e actividades do alumnado correxióronse e explicáronse dando en todo momento pautas para a súa mellora. Ademais, empregáronse distintos medios para informar ás familias, ás titoras e ao alumnado dos resultados da avaliación (axenda, mensaxería Abalar, sesións de avaliación, etc.)

A avaliación foi:

- □ Individualizada: Apreciando a situación inicial do alumnado.
- □ Integradora: Contemplando diferenzas e aplicando con flexibilidade os

criterios de avaliación.

- □ Cualitativa: Apreciando os aspectos que inciden en cada situación particular e os niveis de desenvolvemento.
- □ Orientadora: Aportando información para mellorar a aprendizaxe.
- □ Continua: Dividida en tres partes: inicial (que proporciona datos do punto

de partida do alumnado), formativa (evolución) e sumativa (resultados ao fin de cada período).

Os instrumentos de avaliación neste curso foron os seguintes: a observación diaria do traballo na aula, rexistrada na tablet, participación activa nos traballos de grupo, así como nas actividades de expresión e movemento e desenvolvemento de actitudes, valores e normas axeitadas. Fixeron probas de interpretación colectiva sobre contidos traballados na aula. Tamén foi preciso á hora de avaliar ter en conta os criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe do currículo oficial. Tamén foron importantes os elementos de autoavaliación e coavaliación.

Coma método para avaliar a propia labor docente utilízase a revisión da programación ao final de cada trimestre, onde se estuda en de que medida os elementos curriculares son efectivos e posibles; así coma se a temporalización e as actividades son axeitadas. Ademais, ao final do curso se está a reflexionar se se traballou de forma coordinada co resto do profesorado, mantívose o interese do alumnado, relacionáronse os contidos e as actividades cos intereses e coñecementos previos dos alumnos, etc.

Seguirase potenciando a importancia do coidado do material propio e alleo e a participación activa do alumnado; así como o gusto e interese pola actividade artística: interpretación vocal e instrumental, expresión rítmica e danza, etc. Tamén potenciarase a participación en concursos, asistencia a concertos didácticos, exposicións e outras manifestacións artísticas que nos ofrezan diferentes institucións do noso concello ou concellos veciños.

A.14-INTERNACIONALIZACIÓN

MEMORIA DE INTERNACIONALIZACIÓN

O obxectivo principal da internacionalización é fomentar situacións nas que o alumnado e profesorado do centro colaboran con estudantes e mestres doutros países. Esta colaboración consiste na realización de actividades e traballos de maneira compartida con escolas socias a través de proxectos internacionais.

Erasmus+

Este curso o noso centro participou coma Centro Integrado no Consorcio Acreditado Erasmus+ do CFR de A Coruña. Este logro é significativo para a nosa calidade educativa e a promoción de oportunidades internacionais. Erasmus+ é un programa europeo que fomenta a mobilidade, o intercambio cultural e a colaboración entre institucións educativas de toda Europa. A profesora especialista de Música e Arte visitou as Escolas Amables de Pistoia, que levan a cabo unha metodoloxía por ámbitos na etapa de Educación Infantil. Esta experiencia foi compartida posteriormente co ciclo de Educación Infantil a través dunha labor de difusión.

O pasado curso 2022/23 presentamos un proxecto Erasmus + KA122 que resultou aprobado cun 64%, pero non seleccionado para financiación. Este curso formamos un equipo de 5 mestras co obxectivo de presentar novamente un proxecto KA122. Por isto, formamos un grupo de traballo de 30 horas que contou con 9 horas de formación impartidas por D. Miguel de Castro, especialista en programas internacionais do CFR de Ferrol. Nas sesións de traballo en grupo redactamos o novo proxecto, *Freedom to learn, freedom to be (Liberdade de aprender, liberdade de ser)* que foi presentado, acadando un 72% na avaliación, pero novamente non seleccionado para financiación.

Aínda que confiamos no noso proxecto, comprendemos que o feito de resultar seleccionados non é unha tarefa doada debido á grande cantidade de solicitudes que se presentan cada ano. Queremos seguir mellorando os proxectos presentados, a través do estudo da avaliación proporcionada polo SEPIE e da formación continua do profesorado.

Etwinning

Ademais dos proxectos Erasmus +, o Plan de Internacionalización do centro abarca tamén a participación en proxectos Etwinning. No presente curso continuamos a participar no proxecto "Green IES" en colaboración co IES7 Sfanta Maria de Timisoara (Rumania), que traballa a conciencia medioambiental a través da creación de obras artísticas a partir de material de refugallo.

CEIP Alborada

Ademais, novos membros do equipo de internacionalización crearon a súa conta Etwinning e foron propostos novos proxectos nesta plataforma para o vindeiro curso

A.14-Departamento de E.Física

Forman parte do equipo de mestres/as:

Mestres/as	Niveis
Manuel Casal Garrido	4º, 5º e 6º Infantil e 1º, 2º de Ed. Primaria
Silvia Lavandeira Calvo	3º, 4º, 5º e 6º de Ed. Primaria

Instalacións e material

O traballo das clases de Ed. Física desenvólvese ó longo do curso nas instalacións do Colexio, que son compartidas polos profesores que imparten a materia e que coinciden nas sesións gran parte do horario.

Estas instalacións son:

- Un ximnasio cuberto.
- Un patio de recreo, asfaltado, no que hai instaladas catro canastras de baloncesto, e as liñas dun campo de futbito, e dous de baloncesto. Tamén hai outra pista, pero as liñas borráronse. O resto do patio é diáfano, para xogar a distintos xogos populares onde se pintaron liñas para xogos como o brilé, circuitos de chapas, mariolas, tres en raia, aínda que algúns destes xogos están pintados na parte correspondente o patio de infantil...
- Aula de informática. Utilizada para o desenvolvemento de algúns aspectos teóricos.
- As propias aulas de clase, de 5º e 6º, onde están os ordenadores portátiles do proxecto Edixgal.

Actividades en colaboración con clubs e escolas

Durante o curso, algunhas actividades que se realizaron foron:

- Club balonmán Línea 21: mostráronlle o deporte de balonmán e animaron aos rapaces e rapazas a apuntarse ao seu clube.
- Athletic Coruña Hockey: mostraron e motivaron ao alumnado a practicar este deporte.
- Colaboración Intercentros coa realización de unha actividade de Atletismo co CEIP Salgado Torres

Avaliación

Fíxose unha avaliación inicial para coñecer a situación do alumnado e saber de onde se parte. Ao longo do curso a avaliación foi continua, sumativa e individualizada. Avaliouse mediante a observación directa, con listas de control e con rúbricas baseadas nos contidos e nos estándares de aprendizaxe sinalados na programación.

MEMORIA DO PLAN DE FOMENTO DA ACTIVIDADE FÍSICA E VIDA SAUDABLE

	<p>Desde o colexio, tentamos promover un estilo de vida saudable baseada na actividade física e nunha alimentación sa e equilibrada. Tendo en conta que os nosos alumnos e alumnas pasan gran parte do día na escola, quixemos aproveitar para motivar e cambiar os seus hábitos de vida dunha maneira lúdica dentro do horario escolar.</p> <p>Para poder levar a cabo este programa, engadimos unha hora semanal de actividade física para todos os cursos. A duración de cada sesión foi de 50 minutos e a levaron a cabo o mestre e mestra de educación física e as titoras ou titores do curso ao que correspondían. Tamén levamos a cabo unha recomendación de merendas saudables.</p>
OBXECTIVOS	<p>Os principais obxectivos propostos foron:</p> <ul style="list-style-type: none"> • ● Incrementar a actividade física efectiva diaria do alumnado ao longo do horario lectivo. O 100% do alumnado incrementou a súa actividade física ben durante o tempo de lecer ou durante as clases de fomento ou E.F. • ● Favorecer e promocionar a práctica de actividade física nos períodos de lecer, dentro e fóra do centro a través do ensino de diferentes xogos. O 90 % do alumnado realiza actividade física • ● Establecer hábitos de vida saudable para a mellora da calidade de vida. O 80% do alumnado concienciouse da importancia de comer saudable e cumpriu a rutina de aseo que se recomendaba nas sesións de educación física. • ● Fomentar e favorecer unha alimentación sa por medio das merendas saudables. O 80 % do alumnado seguiu as recomendacións do centro. • ● Inculcar o goce do exercicio físico de forma colectiva favorecendo así a socialización. O 100% do alumnado desfrutou da sesión semanal cos seus compañeiros e compañeiras de nivel.

AVALIACIÓN DO PROXECTO	<p>Algúns dos instrumentos utilizados foron:</p> <ul style="list-style-type: none">• Enquisas de satisfacción aos alumnos e alumnas de 6o curso para valorar a calidade da actividades e os aspectos a mellorar.• Probas de rendemento ao principio e ao final do curso comparando os resultados e comentando as melloras. Pequeno seguimento das actividades que o alumnado realiza fora do horario escolar.
-------------------------------	--

MATERIAS QUE COLABORAN PROXECTO EDUCATIVO

• Fomentar a práctica de actividade física en alumnos cun estilo de vida sedentaria e reforzar os hábitos daqueles que si a realizan. O 90% do alumnado realiza actividade física fora do horario escolar, algúns deles en deportes ou clubs que viron ao colexio a promocionarse.

Sensibilizar aos alumnos da importancia de realizar exercicio físico diario. O 90% do alumnado realiza actividade física fora do horario escolar, algúns deles en deportes ou clubs que viron ao colexio a promocionarse.

Ciencias Naturais nos roteiros da contorna. Matemáticas, linguas e música nos xogos.

O Proxecto está integrado no Proxecto Educativo e o vindeiro curso. Integrarase como Proxecto Competencial de Centro

A.15.-Ciclos

EDUCACIÓN INFANTIL

1º CICLO

2º CICLO

3º CICLO

Memorias elaboradas na aplicación PROENS

A.16 ANPA

A.N.P.A. ALBOR

C.I.F. G-15.138.139

C.E.I.P. ALBORADA-SAN JOSE DE CALASANZ S/N

15008 A CORUÑA

e-mail:anpa@anpaalbor.com

MEMORIA EXPLICATIVA DAS XESTIÓNS LEVADAS DURANTE O CURSO 2023/2024 ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS DE ALUMNOS "ALBOR" DO C.E.I.P. ALBORADA (A CORUÑA)

SERVIZO DE MADRUGADORES E SERVIZO DE COMEDOR:

Tanto o **Servizo de Madrugadores como o Servizo de Comedor**, son servizos orientados á conciliación da vida familiar e laboral posto en marcha e organizados pola ANPA.

Este curso estamos de maneira presencial os luns e xoves de 16 a 18h. As familias tamén teñen a súa disposición a nosa páxina web.

Para poder ser usuario de calquera dos dous servizos é necesario facerse socio do Anpa:

*O custo son 16 € por un nenx, 26 € dos ou mais(irmáns), máis 7 euros por cada nenx, en concepto de seguro de accidentes que comprende o horario de madrugadores e do comedor.

Este curso, ambos servizos estiveron disponibles dende o primeiro ata o último día do curso 2023/2024.

O **Servizo de Madrugadores** estivo funcionando todos os días lectivos, dende ás 07:30h ata a hora de comenzo das clases.

No mes de setembro comenzamos con nen@s, uns colleron con almorzo e outros sin él. No mes de xuño un total de 40 nenos/as. A estos hai que sumar ademáis os que fan uso esporádico.

CEIP Alborada

O **Servizo de Comedor** tamén estivo en funcionamento todos os días lectivos, en horario de 14h a 16h .

En setembro tiñamos 130 nen@s e rematamos en xuño con 150 nen@as entre os que veñen fixos mensuais, fixos discontinuos ou esporádicos.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DO CURSO 2023/2024:

O calendario de actividades extraescolares levouse este ano, coa colaboración da **Federación de Anpas** e privadas.

O importe das actividades ascendeu:

FEDERACIÓN : Dende outubro a decembro 21€+4€ de seguro de accidentes.

Xaneiro a Marzo 21€ (os novos usuarios pagarían 4€ do seguro)

Abril a xuño 21€ (os novos usuarios pagarían 4€ do seguro)

PRIVADAS:

O club Alborada FS encárgase e a actividade de fútbol co custo de 13€ dous días.

E o autónomo Javi encargouse da actividade de pintura cun custo de 15€ e duración de 1h y 30min.

O ximnasio Fibra encargouse da actividade de judo cun custo de 24€.

CEIP Alborada

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
De 16h. a 17h.	-Manitas -Fútbol. -Natación -Xadrez -Zumba	-Xogos -Judo -Baile moderno -Enredados -Apoio escolar	-Manitas -Prepatins -Xadrez -Zumba	-Xogos -Baile moderno -Prepatins -Judo -Enredados -Apoio escolar	-Pintura -Fútbol -Petit Chef
De 17h. a 18h.	-Fútbol.	-Judo	-Patins	-Patins -Judo	-Fútbol

Fixéronse actuacións para exhibir os coñecementos adquiridos durante o curso nas diferentes actividades, na última semana de xuño.

Grazas a ANPA tódolos nenos/as puideron disfrutar dunha pequena merendola ao rematar cada actuación.

As actividades remataron o 21 de xuño.

FESTAS

Celebramos a festa de Navidade coa colaboración da empresa Peques park con talleres, a actuación de Sandra Calderón e os elfos repartiron agasallos. Tivemos chocolate con churros coa empresa Churrería Nuñez.

A festa de carnaval estivo dirixida a recaudación de fondos para a excursión de fin de curso de 6º. A Anpa encargouse do concurso de disfraces.

A ANPA, este ano, fixo una pixamada no colexio con rapaces de sexto incluíndo a cena e almorzó.

A festa de fin de curso comezou cunha comida coa colaboración da empresa catering. Despois a empresa Ser Ocio encargouse dos hinchables, talleres e a festa da escuma

SECRETARIA :PATRICIA RODILLA REY

CEIP Alborada

A.16 MEMORIA XERAL

No Ámbito Organizativo:

- Fixéronse reunións cos coordinadores de ciclo de infantil e ciclos de primaria, equipos dinamizacións, e da comisión pedagóxica,
- Favoreceuse no horario ao Coordinador de Radio e a Coordinadora de Biblioteca para que dispuxeran de sesións para a organización dos seus espazos
- -Petición de axudas para o fomento do uso do galego, do proxecto Voz Natura, participación no PLAMBE, participación nos Contratos-Programa, participación no club das letras, club de ciencias ,Biblioteca Creativa e Radio Escolar
- Aumento da conexión a Internet.
- Participación no Proxecto E-Dixgal.
- Cada trimestre informouse ao Claustro dos resultados das avaliacións do alumnado, da práctica educativa.
- Ao longo do curso potenciouse o uso dos medios audiovisuais e informáticos para que todos os alumnos/as tiveran semanalmente o tempo necesario para a súa participación na aula de informática.
- Así mesmo o alumnado de 3º e 4º de educación primaria dispuxo duns ordenadores para iniciarse no emprego dos mesmos de cara o vindeiro ano comezar coa ensinanza a través de EDIX-GAL
- Tamén se potenciou o uso da biblioteca do Centro para que todo o alumnado poda acudir a lo menos una vez a semana co seu curso e diariamente a nivel individual.

CEIP Alborada

Ámbito das Relacións

- Realizáronse reunións de Claustro e de Consello Escolar
- Favoreceuse a implicación do profesorado en diversas tarefas do Centro, como nas actividades complementarias e extraescolares, na dinamización de TIC's, biblioteca, convivencia escolar, Voz Natura -horto, Radio e Biblioteca e Polos Creativos
- Achegouse o Centro a ANPA e as todas as familias, a través das actividades complementarias e extraescolares,. Coa implicación no menús saudables no tempo de lecer- co menú semanal saudable.
- Potenciouse o envío de trípticos do colexio aos pais/nais que matriculan aos seus fillos/as por 1ª vez, informando na páxina Web do colexio.
- Enviouse un tríptico a inicios de curso a todo o alumnado informando dos nomes dos Mestres, datos xerais do colexio e outras información de interese.
- Actualización da Páxina web do Centro.
- Emprego de ABALAR como medio telemático de información directa cos país e nais, tanto a nivel centro coma a nivel persoal coas distintas tutorías.
- Realizouse unha enquisa entre pais, nais así coma entre os mestres para comprobar o grao de satisfacción do funcionamento do colexio.

Ámbito Educativo

- Na aportación dos libros de texto a todo o alumnado de 3º e 4º de educación primaria.
- Completando a formación do alumnado en actividades complementarias ofertadas nos Centros Cívicos.
- Implicouse aos servizos sociais e aos pais/nais en reunións para solventar algúns casos de absentismo escolar, a falta de puntualidade e a posibilidade de ensinanza compartida con centros específicos. Tamén para axuda para solventar dudas de papeis administrativos.

CEIP Alborada

- A través de todo o profesorado, fundamentalmente dos/as titores/as e do equipo de actividades complementarias insistíuse na mellora da limpeza do Centro (realizando as merendas nas aulas en vez de no patio), e nos hábitos hixiénicos e de consumo, e de respecto ao entorno, utilizando as papeleiras, os espazos comúns e a separación dos materiais de reciclaxe.
- Amplíouse o recuncho para voz natura e a reciclaxe.
- O centro conta cun Recuncho Violeta con material específico
- Unha biblioteca para familias
- Un recanto de emocións
- Un recanto de preadolescencia

Ámbito executivo

Funcionaron a Comisión de Convivencia Escolar, das TICs, da Biblioteca, o equipo de Dinamización Lingüística ,Coordinación Plurilingüe ,Equipo de Polos Creativos e o equipo de Actividades extraescolares e complementarias. Recollemos os puntos tratados, os acordos nas actas de todas as sesións que fixemos.

C .- NIVEL DE CLAUSTRO, CONSELLO ESCOLAR E COMISIÓN ECONÓMICA

Nas reunións destes órganos de goberno ao longo de todo o curso, tratáronse os seguintes temas:

- Adscrición do profesorado.
- Plan de traballo para os 3 trimestres e valoración.
- Información e aprobación do:

Plan Xeral Anual

Actividades Extraescolares

- TIC's
- Conta de Xestión de Orzamento do exercicio 2023

CEIP Alborada

- Informe de orzamento para o ano 2024
- Valoración dos obxectivos de cada trimestre
- Admisión do alumando
- Excursións final de curso
- Prórroga do servizo de comedor
- Distribución equilibrada do Galego-Castelán.
- Memoria Escolar
- Novas incorporacións do programa Alerta Escolar.
- Designación dos membros da Comisión económica.
- Constitución da comisión da convivencia.
- Designación da persoa responsable de impulsar para fomentar a igualdade entre homes e mulleres.
- Información da realización dos campamentos urbanos..
- Dar continuidade no plan de Mellora de Bibliotecas Escolares para o vindeiro curso
- Solicitud de prórroga do servizo de comedor e madrugadores.
- Informe e aprobación da participación na 28 edición do Programa Voz Natura.
- Calendario escolar 2023-24.

Tamén serviron estes órganos para proporcionar información da normativa que ía xurdindo, e sobre todo para reformularnos aquilo que non se está a facer ben.

CEIP Alborada

☒ **PROPOSTAS DE MELLORA:**

- Recuperar xogos tradicionais,e cooperativos marcando lugares estratéxicos nas pistas polideportivas para que practiquen no período de lecer. O obxectivo é a posta en práctica dos mesmos cara a vindeiro curso. Darlle continuidade a patios activos que se iniciaron o presente curso.
- Orientar ao ANPA para ofertar actividades para familias coa creación de Escola de Nais/Pais
- Actividades extraescolares realizadas por profesorado e familias voluntarias con periodicidade quincenal:club de lectura infantil e familias ;Club de Ciencias e Taller Musical
- Mellora do funcionamento do Club de Ciencia e Club de Lectura
- Continuar coa unificación de criterios de cara á realización conxunta de actividades e conmemoracións e de mellora nos hábitos alimenticios e de saúde.
- A recuperación e o reforzo do alumnado con desfase curricular, desde un plantexamento inclusivo.
- A mellora das competencias clave, con prioridade para as de competencia lingüística e matemática, dixital, social e cívicas, incluíndo medidas de reforzo.
- A mellora do desenvolvemento do ensino integrado das linguas: as dúas propias galego e castelá, e a lingua adicional o inglés, elaborando un plan de lectura conxunto, desenvolvendo a lectura comprensiva, a expresión oral, a redacción escrita fluída e a lectura expresiva en voz alta, ademais do uso xeneralizado da biblioteca escolar.
- A mellora dos hábitos de estudo do alumnado.
- A promoción dos equipos cooperativos, aumentando o número e colaboracións e reunións dos profesores, facéndoas máis eficaces, tomando acordos consensuados.

CEIP Alborada

- A mellora da titoría e convivencia, facendo fincapé na atención ás familias tanto titores como especialistas.
- A mellora da planificación e organización, por parte do equipo directivo e departamento de Orientación, das horas de docencia do profesorado para que este poida atender ao alumnado con necesidades educativas específicas, e mellorar os seus resultados.
- A mellora da coordinación cos Servizos Sociais, e no seu caso cos Centros Cívicos, para que interveñan coas familias, no caso de absentismo e outros problemas.
- A mellora das normas de convivencia do centro e aula, consensuadas, e o uso pactado dunhas sancións cando non se respecten..
- Mellorar aspectos do PAT

Para potenciar a biblioteca:

- Seguiremos coa organización de actividades a realizar, seguindo o proxecto elixido e as conmemoracións.
- Elaboración de itinerarios de lectura para todos os cursos.
- Consideramos moi importante seguir mellorando as posibilidades de uso pedagóxico da biblioteca.
- Ampliación da formación do profesorado con respecto a estratexias para o fomento da lectura.
- Organizar máis actividades de formación de usuarios.
- Implicación do alumnado en tarefas de organización da biblioteca.
- Exposicións temáticas.
- Intentaremos seguir mellorando o funcionamento da biblioteca, para tratar de transformala nun centro de recursos de información, de lectura e

CEIP Alborada

de aprendizaxe, dinamizador da actividade educativa e da vida cultural do centro.

HORARIO ESCOLAR

O Centro ten a xornada en sesión única, de 9 a 14 horas, salvo o período de adaptación de Educación Infantil.

A xornada semanal do persoal funcionario docente e persoal laboral que imparte as ensinanzas de educación infantil, educación primaria e educación especial é de trinta e sete horas e media, das cales trinta horas dedicaranse ás actividades do centro con presenza no Centro. Das ditas horas, 25 teñen carácter lectivo.

As outras 5 restantes ata as 30 horas fixéronse fora do horario lectivo,

Luns de 16 a 19 horas	
16 a 17 horas	reunións de equipos de ciclo, departamento,...
17 a 18 horas	titorías pais/nais
18 a 19 horas	participación en órganos colexiados e reunión para a elaboración ou modificación de documentos de planificación e para a súa avaliación
Outro día da semana a elixir realízase permanencia de 2 horas (gardas, formación ou traballo aulas)	

O resto da xornada semanal -sete horas e media- de non obrigada permanencia no centro, destinaranse ao perfeccionamento e á formación, á preparación de actividades docentes e á atención doutras actividades inherentes á función docente.

CEIP Alborada

A.17 MEMORIA CCP

1. Constitución da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP)

A CCP este presente curso está formada polos seguintes membros:

- - María del Carmen Iglesias Iglesias, directora do centro.
- - Paola Losada Monelos, xefa de estudos.
- - Silvestre Fernández Pinillos, secretario e coordinador do equipo TIC.
- - Ana Borrazás Lariño, coordinadora de Educación Infantil.
- - Azucena Nantón Blanco, coordinadora de 1o ciclo de Educación Primaria.
- - María Dolores Ruíz Belenda, coordinadora de 2o ciclo de Educación P
- - Iria Martín López, coordinadora de 3o ciclo de Educación Primaria, do plan dixital, Edixgal e Polos creativos.
- - Cristina Pena Vicente, coordinadora do equipo de actividades complementarias e extraescolares.
- - Manuel Casal Garrido, coordinador do equipo de dinamización da lingua galega.
- - Magdalena Casal Garrido, coordinadora do equipo Erasmus+.
- - Marisol Gándara Sánchez, coordinadora do equipo de biblioteca.
- - Joaquín Arias Moldes, coordinador do equipo plurilingüe.
- - Javier Rey Sucunza, xefe do Departamento de Orientación.
- - Araceli Franco Pena substituída por Carolina Dobarro Fraga, mestra de Pedagogía Terapéutica .
- - Montserrat Barros Grela, mestra de Pedagogía Terapéutica e coordinadora do plan de benestar.
- - Sabela Ramos Campos, mestra de Pedagogía Terapéutica.
- - María Teresa Fouciños Castro, mestra de Audición e Linguaxe.

Decidiuse que durante este curso académico 2023-2024 a secretaria da comisión de coordinación pedagóxica sexa Ana Borrazás Lariño.

2. Temas tratados

Os temas tratados nas reunións da CCP durante este curso académico 2023-2024 son os seguintes:

- Directrices e puntos a considerar en relación á elaboración das programacións.

- - Aportacións á Programación Xeral Anual.
- - Adscrición dos especialistas e DO.

CEIP Alborada

- - Planificación, posta en marcha e valoración dos apoios do persoal con dispoñibilidade horaria e desdobles.
- - Informacións varias por parte dos equipos de dinamización (Biblioteca- EDLG-Igualdade-Extraescolares-TIC-Inclúe).
- - Informacións varias dos coordinadores dos ciclos.
- - Informes e valoracións das avaliacións trimestrais.

-Información sobre os Proxectos de Formación Permanente do Profesorado solicitados.

- - Informar sobre as propostas para as diferentes conmemoracións.
- - Información, distribución, valoración e propostas de mellora sobre o traballo por ámbitos.
- - Información sobre a avaliación diagnóstica.
- - Información sobre Xornada de Acollida CEIP da Ribeira dentro do programa Observa-Acción.
- - Organización do día de Portas Abertas.
 - - Información sobre as listas de materiais e libros de texto do vindeiro curso.
- - Propostas para a PDI do vindeiro curso.
- - Información da elaboración das memorias.

3. Reunións

As reunións foron realizadas nas seguintes datas:

- Data: 05/09/2023. Hora: 09:30
- Data: 18/09/2023. Hora: 16:00
- Data 16/10/2023. Hora 16:00

- Data: 13/11/2023. Hora: 16:00
- Data: 15/01/2024. Hora: 16:30 –

Data: 19/02/2024. Hora: 16:30 –

Data: 15/04/2024. Hora: 16:30 –

Data: 13/05/2024. Hora: 16:30 –

Data: 26/06/2024. Hora: 12:00

CEIP Alborada

Os puntos tratados especificamente en cada unha destas reunións, están recollidos e desenvolto nas pertinentes actas, as cales están custodiadas na secretaría do centro.

Valoración do curso 23/24 por parte de Coordinadores/as ciclo.

Educación Infantil: a nivel global consideramos que foi un ano positivo, observamos grandes avances en moitos alumnos/as, aínda que na aula de 4ºE.I. preocupáanos os problemas comunicativos que se observan, así como as condutas disruptivas de moitos menores, principalmente na aula de 6ºA E.I.

Tamén queremos destacar a falta de puntualidade nas entradas do alumnado, o cal pérdese o momento de asemblea, e interrompe á mesma, que é de vital importancia nesta etapa, xa que se traballa a competencia oral e nalgunhas aulas se levan a cabo actividades para a estimulación da linguaxe.

Por outra banda, destacar que se fixo complicado o traballo por ámbitos naquelas aulas que só había un docente debido ao alto número de "necesidades" que hai. Tamén observamos que a mestura dos grupos, e a metodoloxía altera ao alumnado, por iso pensamos que é conveniente realizar o traballo nun mesmo día no curso 24/25.

1º ciclo de Educación Primaria: a nivel xeral consideramos que a línea que seguimos este curso foi dinámica e positiva. De cara ao próximo curso consideramos fundamental continuar cos apoios que tiñamos neste momento por seren primordiais para suplir as carencias detectadas nun grupo importante do alumnado presente nas aulas de 1o e 2o.

Ademais disto realizaremos unha programación vertical co obxectivo de non repetir contidos nas áreas das linguas, matemáticas, ciencias naturais e ciencias sociais con vistas a repartir os contidos neses dous cursos, e eliminar contidos que se traballarán nos Ámbitos e non dalos de xeito duplicado na titoría. Ademais disto consideramos que ter so un día de Ámbitos é fundamental para un bo funcionamento dos mesmos e das rutinas diarias do aula sobre todo en 1o que é unha nova etapa a que se teñen que adaptar.

2º ciclo de Educación Primaria: consideran que no relativo ao traballo por ámbitos foi satisfactorio, aínda que observan que o alumnado con certas necesidades lles é complicado entrar na dinámica de traballo en grupo. Tamén fan referencia a que tiveron que reagrupar os grupos.

CEIP Alborada

No relativo ao académico, promocionan todos os alumnos/as, aínda que hai un alumno que o realiza por imperativo legal.

3º ciclo de Educación Primaria: repiten 3 alumnos/as, principalmente debido ás ausencias que derivaron en que o alumnado non alcanzara os mínimos. Outra alumna non chega aos mínimos recollidos na ACI.

Referente aos ámbitos están contentos, aínda que de cara ao curso a seguir consideran que serán máis proveitosos ao saber os contidos que se van a tratar de antemán.

Tamén fan referencia a que non se realice a saída de final de etapa da AMPA nunha semana onde haxa tanta carga de traballo como aconteceu neste curso, ou que se leve a cabo sen empregar tantos días lectivos.

Por último, solicitan se é posible que algún día da semana teñan as dúas primeiras horas co titor/a.

Valoración do curso 23/24 por parte de Equipos Dinamizadores.

Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares: indica que todas as actividades discurriron con normalidade salvo as afectadas por tempo metereolóxico adverso

Equipo de Dinamización da Lingua Galega: destaca o traballo relacionado coa radio, o cal está a motivar ao alumnado que non quere empregar a lingua galega.

Equipo de Biblioteca: solicita dar máis visibilidade ás enquisas para saber en qué mellorar, e para facer cambios de cara a vindeiros cursos escolares. Nas realizadas neste final de curso, obsérvase que o alumnado está contento.

No relativo aos xogos, solicítase que o profesorado estea máis atento a que non se perdan as pezas, que volvan ao seu lugar, etc.

Equipo de internacionalización: comunica que o proxecto foi aprobado cun 72%, pero que non nos conceden a subvención.

Plurilingüismo: non ten nada que destacar, todo foi ben.

DO: comunica que a falta apoio e colaboración por parte dalgunhas familias dificulta nalgúns casos a adecuada atención á diversidade.

CEIP Alborada

Polos creativos: observa ao alumnado máis motivado, xa que a través do traballo por ámbitos moitos alumnos/as coñeceron novos materiais, ferramentas... dándose conta das súas capacidades.

Equipo TICS: o ámbito STEM está a potenciar e favorecer o traballo das TICs en múltiples niveis.

Propostas de mellora tratadas na CCP para o curso 24/25.

- Dende o Equipo Directivo comunícase que o ano que ven seguirase a planificación recollida, e soamente se poderán levar a cabo a maiores aquelas saídas que sexan gratuitas (incluíndo o autobús de ser o caso). As saídas de cohesión serán realizadas entre a última semana de setembro, e a primeira do mes de outubro, ademais de unha por trimestre.
- Para optimizar os recreos e que o alumnado non cheguen tarde ás aulas, durante os mesmos se levarán a cabo as reunións cos delegados, mediadores, etc. Ademais os luns o alumnado de 5o E.P terá o club de lectura e os de 6o E.P ukelele. Os martes o alumnado de 6o E.P club de lectura e saltimbanquis.

Por este motivo reestructurarase a distribución do profesorado, xa que Marisol dirixirá os clubs de lectura e Malena impartirá ukelele e saltimbanquis, non levando a cabo gardas de patio e biblioteca dous días e sendo suplidas por outros membros do equipo de biblioteca, etc.

- A especialista de Música propón microfonar, así como cambiar a luz do salón de actos.
- FAF será un proxecto competencial de centro
- Os ámbitos en E.I. e 1o ciclo de E.P levaranse a cabo os mércores todo o día
- Os ámbitos no 2º e 3º ciclo serán martes e xoves. Nestes ciclos ao coincidir os espazos estase a valorar alternar antes e despois do recreo, é dicir, 2o ciclo os martes tería dúas horas despois do recreo e os xoves as tres primeiras horas, mentres que o 3o ciclo tería os martes as tres primeiras horas, e os xoves dúas despois do recreo.
- Todo o profesorado dispoñerá dun portfolio para reflexar o desenvolvemento dos ámbitos con exemplos e onde deberá gardar as avaliacións formativas, por exemplo empregando listas de cotexo.
- E.I. haberá catro ámbitos, eliminándose o artísticos. Propónse que no de letras, e debido aos problemas que se están a observar nas aulas, se leven a cabo actividades de estimulación da linguaxe (PELO,

CEIP Alborada

Programa Comunicarnos, etc.) Neste caso contarase co apoio da profesora de AL.

- O ámbito artístico de 3º Ciclo pasará a ser Audiviauais
- O profesorado dispoñerá dun Portfolio en papel e dixital para o rexistro de evidencias da PDI do vindeiro curso " O Alborada aventurase con Xulio Verne"

MEMORIAS REALIZADAS NAS DIFERENTES APLICACIÓNS ESPECÍFICAS

- **MEMORIA DA BIBLIOTECA**
- **MEMORIA BIBLIOTECA CREATIVA**
- **MEMORIA LECTURA E FAMILIAS**
- **MEMORIA CLUBS DE LECTURA**
- **MEMORIA CLUB DE CIENCIAS**

CEIP Alborada

MEDIOS DE DIFUSIÓN DO CENTRO	
PAXINA WEB	http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipalborada/
INSTAGRAM.	https://www.instagram.com/ceipalborada/
BLOG DA BIBLIOTECA.	https://contamosmaiscorazon.blogspot.com/
RADIO ESCOLAR	http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipalborada/node/1080
XORNALESCOLAR.	http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipalborada/node/1079

**MEMORIA REVISADA POLO CLAUSTRO E APROBADA POLO CONSELLO
ESCOLAR CON DATA 28 DE XUÑO**



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP Alborada

Rúa San José de Calasanz 5A
15008 A Coruña
ceip.alborada@edu.xunta.gal
881961192-881961191



